



Balance
2009 - 2014

2014.
gal

AXENDA
DIXITAL
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Edita:

Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2015

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Spain
Attribution/Non Comercial. Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/deed.gl>

Índice

I. Introducción	4
II. Balance 2009 – 2014. Axenda Dixital de Galicia	13
II.1. ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE	13
II.2. ADMINISTRACIÓN EFICIENTE.....	26
II.3. CIDADANÍA DIXITAL	32
II.4. TRANSFORMA TIC.....	40
II.5. ECONOMIC-IT.....	44
II.6. INFRATELECOM	52
II.7. MEDIDAS INSTRUMENTAIS E DE COOPERACIÓN	58
III. Balance 2009 - 2014 en cifras	63
IV. Balance económico	74



I. Introducción

En xuño de 2010 a Xunta de Galicia aprobaba 2014.gal Axenda Dixital de Galicia, constituíndo unha nova forma de concibir o emprego das novas tecnoloxías como elemento fundamental de apoio ás políticas de desenvolvemento socioeconómico do territorio.

Naquel momento, Galicia constituíase como unha das Comunidades Autónomas pioneiras en contar cunha estratexia tecnolóxica única, trasladando á realidade galega as recomendacións establecidas pola Comisión Europea a través da Axenda Dixital para Europa.

Así, 2014.gal Axenda Dixital de Galicia representaba a primeira estratexia tecnolóxica global de Galicia na que converxían todas as estratexias da Administración autonómica en materia tecnolóxica co fin de promover o acceso ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC) das persoas, as empresas e as administracións e de impulsar ao sector TIC como catalizador da competitividade rexional.

Actualmente, rematado o período de vixencia de 2014.gal son moitos os logros acadados grazas ás actuacións desenvolvidas ao seu abeiro. Actuacións que, como pode comprobarse, marcaron un cambio de rumbo no xeito de facer as cousas:

UNHA ADMINISTRACIÓN MÁIS INTELIXENTE

Actuacións	Modernización da Administración 
Que fixemos?	Establecer unha base sólida, estruturada e organizada que permita potenciar o desenvolvemento dos servizos da administración electrónica.
Principais resultados	● Case 800 procedementos, o 49% do total, pódense presentar de xeito telemático a través da Sede electrónica da Xunta, fronte ao 4% dispoñible en 2010.



	● Máis de 12.500 empregados públicos acreditados dixitalmente para asinar os documentos dos procedementos telemáticos. ● As máis de 500 oficinas de Rexistro contan cun sistema unificado de información.
--	--

Actuacións	Desenvolvemento das TIC na Administración de Xustiza en Galicia (Plan Senda 2014) 
Que fixemos?	Dotar ao contexto xudicial do equipamento preciso para poder levar a cabo as distintas tarefas dun xeito áxil e eficiente, e modernizar os sistemas de información e xestión procesual.
Principais resultados	● En marcha o portal e-Xustiza para facilitar a relación da cidadanía coa administración xudicial. ● Implantación do sistema de videoconferencia no 100% das salas xudiciais. ● Informatización do rexistro civil en liña. ● Consolidación do sistema Lexnet de comunicacións electrónicas seguras no 100% dos órganos xudiciais. ● Implantación do sistema de gravación de vistas eFidelius en 75 salas.

Actuacións	Modernización dos servizos da Sanidade a través das TIC 
Que fixemos?	Contribuír a salvar as barreiras xeográficas, achegando á poboación a asistencia sanitaria e permitindo que os profesionais da saúde poidan compartir coñecementos independentemente da súa localización.



Principais resultados	● O persoal facultativo xa ten acceso a toda a información dispoñible do paciente na rede sanitaria galega – 100% da Historia Clínica electrónica. ● Grazas á plena implantación da e-receita, reduciuse en máis de 3,3 millóns o número de consultas nos centros de saúde no período 2009 – 2014. ● Desenvolvemento de H2050 e InnovaSaúde: o maior plan de innovación sanitaria cun investimento de máis de 90M€ para crear o modelo do futuro da sanidade pública galega.
------------------------------	--

Actuacións	Servizos Sociais e de Benestar dixitais	
Que fixemos?	Impulsar a modernización tecnolóxica dos servizos sociais para permitir nos próximos anos a creación dun sistema integrado de intercambio de información entre os sistemas sociosanitario e as administracións locais e autonómicas.	
Principais resultados	● Aprobouse en 2013 o Plan Trabe para a modernización tecnolóxica dos servizos sociais. ● En 2015 entrará en funcionamento a primeira versión da Historia Social Única, que permitirá acceder á información social dispoñible da cidadanía de forma unificada.	

UNHA ADMINISTRACIÓN MÁIS EFICIENTE

Actuacións	Consolidación e homoxeneización da infraestrutura	
Que fixemos?	No 2012 púxose en marcha o Centro de Procesado de Datos Integral (CPDi) de Galicia configurándose como unha plataforma máis segura, máis sinxela e máis eficiente enerxeticamente.	



Principais resultados	● A consolidación da infraestrutura tecnolóxica e de soporte iniciada permitiu a redución de entre un 25% e un 30% do custo dos contratos de mantemento e adquisición de novos sistemas e software.
------------------------------	--

Actuacións	Interoperabilidade 
Que fixemos?	A Xunta de Galicia configurouse como Nodo de Interoperabilidade da Comunidade autónoma para permitir o intercambio de datos e documentos entre as diferentes administracións públicas (estatal, autonómica, local).
Principais resultados	● Os avances no Nodo de interoperabilidade PasaXe! evitaron á cidadanía a presentación de máis de 1 millón de copias de DNI e máis de 18.000 certificados de empadramento.

Actuacións	Impulso do software libre e dos datos abertos   PORTAL OPEN DATA DA XUNTA DE GALICIA
Que fixemos?	Dende o 2010 a Xunta pon en marcha estratexias anuais de software libre nas que colaboran todos os axentes galegos tanto en accións de fomento e difusión como de formación.
Principais resultados	● Comezou a implantarse o Plan de migración do posto de traballo a Software Libre, e continuouse coa formación e coas actividades de asesoramento e difusión sobre ferramentas libres aos diferentes departamentos da Xunta. ● O portal Open Data da Xunta de Galicia conta con preto de 300 conxuntos de datos en formatos abertos de carácter xeográfico, estatístico, meteorolóxico, turístico, social e económico.



UNHA CIDADANÍA DIXITAL

Actuacións	Integración das TIC na práctica educativa: Proxecto Abalar	
Que fixemos?	Galicia sitúase entre as rexións europeas que contan cunha folla de ruta específica propia para a integración plena das TIC na práctica educativa. O proxecto Abalar, posto en marcha no ano 2010, vai mais aló da introdución de dispositivos e ferramentas TIC na escola, persigue a transformación integral do modelo educativo.	
Principais resultados	● O proxecto Abalar posibilitou que preto de 52.000 alumnos de 531 centros estuden en aulas dixitais e está previsto ampliálo aos 100.000 alumnos. ● Máis de 2.300 alumnos de 5º de primaria de 84 centros educativos iniciaron o curso 2014 – 2015 con libros dixitais e gratuítos grazas á iniciativa e-DIXGAL.	

Actuacións	Rede CeMIT / Voluntariado dixital	 
Que fixemos?	Facilitar o acceso ao uso das TIC independentemente do lugar de residencia e desenvolver mecanismos axeitados para que calquera persoa sexa quen de incorporalas á súa vida cotiá.	
Principais resultados	● Actualmente todo galego/a ten a media hora de distancia do seu fogar unha aula na que poder acceder á formación TIC grazas á Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica (CeMIT) - 98 aulas en 92 concellos. ● O Programa de Voluntariado Dixital (VOLDIX) estende a oferta pública de alfabetización dixital orientada a colectivos en risco de exclusión a todo o territorio. Conta con 103 entidades colaboradoras e máis de 400 voluntarios.	



IMPULSO DO SECTOR TIC: TRANSFORMATIC

Actuacións	Pacto Tecnolóxico Dixital / Programa TransformaTIC 
Que fixemos?	Impulsar o aliñamento dos esforzos públicos e do resto de axentes que conforman o ecosistema TIC de Galicia para fomentar a consolidación do sector TIC galego.
Principais resultados	● Asinouse o Pacto Tecnolóxico Dixital con 12 grandes empresas do sector TIC e o Clúster TIC galego para cooperar no desenvolvemento dixital de Galicia durante o período 2013 – 2020. ● Posta en marcha da iniciativa de Telefónica Galicia Open Future, un Centro de Emprendemento que ofrecerá os seus recursos e ferramentas para o desenvolvemento de proxectos empresariais innovadores. ● Programa TransformaTIC, aprobado en 2014 aglutina os instrumentos da Administración, Universidades e sector TIC para impulsar unha estratexia única de impulso ao sector TIC.

EMPRESA INNOVADORA E ECONOMÍA DIXITAL: ECONOMIC-IT

Actuacións	Centro Demostrador TIC de Galicia 
Que fixemos?	No ano 2011 púxose en marcha o Centro Demostrador TIC de Galicia (CDTIC), como punto de encontro entre a oferta do sector TIC e as empresas galegas para favorecer a incorporación das TIC nos sectores produtivos galegos co fin de incrementar a súa produtividade e competitividade.
Principais resultados	● Dende o seu inicio o CDTIC leva realizadas máis de 160 actividades coa participación de máis de 1.000 empresas.



Actuacións	Integración das TIC nos sectores estratéxicos   
Que fixemos?	Impulsar o desenvolvemento de programas específicos para a modernización dos principais sectores produtivos de Galicia.
Principais resultados	● En marcha o Plan Smart Turismo que establece a creación dunha plataforma tecnolóxica que permitirá modernizar as infraestruturas turísticas, mellorar as canles de comunicación cos usuarios e facilitar a toma de decisións. ● Desenvolvemento de programas para contribuír á modernización dos sectores vinculados ao medio rural e mariño, como son: o proxecto TICPESC, a Oficina Agraria Virtual e o proxecto europeo STAMAR.

DESENVOLVEMENTO DE INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS: INFRATELECOM

Actuacións	Plan Banda Larga de Galicia 
Que fixemos?	A posta en marcha do Plan Banda Larga de Galicia supuxo o posicionamento de Galicia como unha das primeiras rexións europeas que abordou unha estratexia integral para o despregamento de infraestruturas de telecomunicacións.
Principais resultados	● O 98% dos galegos teñen acceso a internet a través de redes fixas e sen fíos e 2% a través de satélite. En 2010 só o 71% da poboación tiña acceso a Internet. ● Máis de 1,4 millóns de galegos poden acceder a redes de fibra óptica con velocidades de ata 200 Mbps. ● En 2013 aprobouse a primeira Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicación de Galicia.



MEDIDAS INSTRUMENTAIS E DE COOPERACIÓN

Actuacións	Creación da Amtega 
Que fixemos?	En 2012 creouse a Amtega como unha entidade única para a xestión das políticas tecnolóxicas da Xunta. Coa súa posta en marcha a Xunta de Galicia convértese na primeira Comunidade Autónoma en establecer un modelo de xestión integral das TIC.
Principais resultados	 A xestión centralizada da Amtega está consolidando un aforro anual de 6 millóns de euros en gasto tecnolóxico.

Este exercicio de balance abrangue as principais actuacións postas en marcha ao abeiro da Axenda Dixital de Galicia no marco do seu período de vixencia. Desta forma, dáse conta dos avances acadados que apuntan ao progreso na adopción e uso das TIC en Galicia que levan a incorporar a cultura tecnolóxica como compoñente esencial na forma de pensar, organizar e actuar dos galegos e galegas, das organizacións empresariais e da propia administración autonómica.

Así, pode concluírse que seis anos de políticas TIC a través de 2014.gal Axenda Dixital de Galicia permitiron dotar a Galicia das ferramentas necesarias para poder competir como rexión no desenvolvemento das áreas que, en materia tecnolóxica, impulsarán a próxima senda de crecemento dixital.

Consecuentemente, a día de hoxe Galicia atópase ante un momento de transformación das políticas tecnolóxicas. Os logros acadados nos últimos anos así como os cambios económico-sociais e as novas tendencias tecnolóxicas requiren un salto cualitativo na utilización das TIC para contribuír ao crecemento na Comunidade.

Esta transformación virá da man da Axenda Dixital de Galicia 2020 que ven reforzar e reafirmar a Estratexia Galega de Crecemento Dixital, aprobada a finais de 2013 para dar continuidade aos logros tecnolóxicos acadados en Galicia e converxer coa Unión Europea en 2020, introducindo aqueles elementos que permitan maximizar o impacto das políticas tecnolóxicas.



A Axenda Dixital de Galicia 2020 foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o pasado 30 de abril, co fin de articular e consolidar un modelo de crecemento baseado na economía dixital que contribúa a dar resposta aos desafíos aos que se enfronta Galicia en todas as áreas de desenvolvemento.



II. Balance 2009 – 2014. Axenda Dixital de Galicia

II.1. ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE

Nunha contorna cada vez máis esixente, na que o colectivo destinatario principal das actuacións administrativas e políticas da Administración, a cidadanía, esixe unha maior eficacia, proximidade e eficiencia na prestación do servizo público, os distintos gobernos deben ser quen de asumir o compromiso de desenvolver un modelo de administración orientado as súas necesidades e adaptado aos novos tempos.

Neste senso, 2014.gal Axenda Dixital de Galicia definía a liña estratéxica Administración Intelixente, concebida co afán de desenvolver un novo modelo de administración que, baseado nas TIC, permitirá unha relación máis áxil, eficaz e próxima á cidadanía. Máis concretamente, coa posta en marcha desta liña estratéxica perseguíanse principalmente os seguintes obxectivos:

- Incluír as TIC en todos os ámbitos dos servizos públicos para mellorar a prestación do servizo e incrementar a xestión eficiente dos recursos públicos.
- Adaptar o modelo de administración ás novas posibilidades de xestión.
- Facilitar a vida á cidadanía mediante a mellora dos servizos prestados en ámbitos como: sanidade, xustiza, benestar...
- Garantir uns servizos públicos homoxéneos en todo o territorio mediante a colaboración entre as administracións públicas.

Resulta innegable que a través de actuacións como o desenvolvemento da e-Administración e a modernización dos servizos públicos en ámbitos tan relevantes como a sanidade, a xustiza ou o benestar, a Xunta de Galicia volcou importantes esforzos no camiño cara o desenvolvemento dunha verdadeira administración dixital como a base para lograr un goberno máis aberto e accesible, susceptible de ofrecer servizos públicos avanzados que repercutan nunha mellora da calidade de vida da sociedade galega.




e-Administración

- **A Sede electrónica permite presentar de xeito telemático case 800 procedementos**, o 49% do total fronte ao 4% dispoñible en 2010.
- **Máis de 12.500 empregados** públicos xa dispoñen da **tarxeta de acreditación dixital**.
- **A dixitalización do DOG** supuxo un **aforro anual de 1,1 millóns de euros**.

A cidadanía, cada vez máis, esixe unha maior apertura do goberno, maior participación cidadá na actividade pública e require que os seus gobernos sexan máis próximos, áxiles e transparentes.

Así, neste período foi anunciado o novo Plan de Axilización Administrativa 2014-2016, (**Plan Achega**) orientado a alcanzar o máximo grao de **achegamento da Administración á cidadanía**, a través dunhas relación entre ambos máis **simple, rápida e fluída**.

Supón un paso máis no desenvolvemento da e-Administración, que comezou no 2010 coa aprobación do **Decreto polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia**. No marco deste Decreto foron diversas as actuacións levadas a cabo.



Como unhas das iniciativas destacables cómpre mencionar a posta en marcha no 2011 da **Sede electrónica** da Xunta, un punto de acceso único a toda a Administración Galega en Internet coa intención de ofrecer nun único lugar a totalidade de servizos públicos ofertados nos portais webs das

consellerías.

A finais do 2014 podían ser presentados de xeito electrónico **case 800 procedementos, o 49% do total**, fronte á situación en 2010 en que só era posible realizar o 4%.

Por outra banda, para avanzar cara a e-Administración é fundamental dotar aos empregados públicos das ferramentas adecuadas para adaptar o seu traballo ás necesidades do novo escenario dixital.



Este é un dos obxectivos do **Proxecto Kronos** de implantación da **nova tarxeta intelixente** que inclúe o certificado de empregado público, **permite asinar dixitalmente os documentos** dos procedementos telemáticos, regula o control horario e abre a porta á futura regulación da flexibilidade horaria e ao teletraballo. A finais do 2014, **máis de 12.500 empregados públicos dispoñían de acreditación dixital**.



En liña co mencionado anteriormente e dentro da política cero papel, definiuse o protocolo de sinatura electrónica e acreditación dixital, desenvolveuse unha plataforma de servizos de sinatura dixital e púxose en marcha o **portasinaturas dixital**. Este instrumento conta cun total de **825 usuarios asinantes** (case o dobre que a finais de 2013), e permitiu asinar electronicamente **máis de 223.000 documentos** administrativos no último ano fronte aos 90.000 acadados no 2013.

A partir de 2013, o **Sistema de Facturación Electrónica** da Xunta permitiu aos provedores presentar as súas facturas por correo electrónico así como coñecer a través do e-mail o estado de tramitación nos que se atopan as facturas.

Con esta nova iniciativa, **Galicia anticipábase unha vez máis no cumprimento** da maioría dos **requirimentos esixidos pola Lei 25/2013**, de 27 de decembro de **Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas** no Sector Público.



Así mesmo, creouse a **Plataforma de Contratos Públicos de Galicia** configurándose como o portal de difusión dos procedementos de licitación da Xunta de Galicia, do sector público autonómico, así como das universidades públicas e entidades locais dadas de alta no sistema. A finais do 2014 había **234 perfís de contratante** integrados na Plataforma e **publicáronse 1.662 procedementos de contratación**.

Outra das iniciativas postas en marcha foi o **DOG electrónico** no ano 2011, que ofrece a mesma validez xurídica que a versión en papel. Esta substitución, e polo tanto, redución do gasto en papel, **conseguiu aforrar ao redor de 1,1 millóns de euros anuais**.



No 2011 aprobouse o **Decreto que establece o Sistema Único de Rexistro**, que regula a organización e o funcionamento dos rexistros da Administración Xeral e das entidades públicas instrumentais galegas. No marco deste Decreto, no 2012 púxose

en marcha o **sistema para o rexistro de entradas e saídas (AIRES)** como sistema de información único para o conxunto de órganos, servizos e unidades que integran o Sistema Único de Rexistro. En 2014 finalizouse a implantación deste sistema e realizouse o apagado definitivo do sistema anterior en todas as Oficinas de Rexistro propias e concertadas. Como resultado da actuación, dos máis de 2,9 millóns de documentos rexistrados no 2014 no Rexistro Xeral, un 30,2% tiveron unha entrada electrónica, fronte ao 20,7% rexistrado no 2012.



Ademais, a finais do ano 2013 arrancaba o **proxecto ARPAD** que ten como obxectivos a creación do Arquivo Dixital de Galicia, a conservación e difusión do patrimonio documental conxunto, a habilitación de servizos dixitais e a eliminación do papel nas relacións administrativas na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. A iniciativa enmárcase no Programa Operativo de Cooperación Transfronteriza España – Portugal (POCTEP) e está dotada con 4,7 millóns de euros, cofinanciados un 75% por fondos FEDER ata 2015.

A Administración no móbil

- A Xunta aposta por achegarse á cidadanía a través do móbil, a finais de 2014 contaba con **15 aplicacións que suman máis de 154.000 descargas.**

Na actualidade os teléfonos móbiles e os aparatos tecnolóxicos portátiles están presentes case na totalidade da poboación e son o medio de conexión a Internet máis utilizado, polo tanto, a Xunta vese na obriga de adaptar as súas políticas e servizos a esta nova era.



Así, o Consello da Xunta de Galicia acordou que a AMTEGA fose o organismo encargado da **tramitación, xestión e mantemento de aplicacións para móbiles e outros dispositivos electrónicos** da Administración autonómica.

A finais do 2014 o **catálogo de aplicacións móbiles** publicadas pola Xunta contaba con **15 aplicacións** sumando máis de 154.000 descargas entre Android e IOS.

Unha das aplicacións publicadas corresponde á **plataforma MOBEM**, destinada a ampliar as formas de acceso aos servizos ofertados polo Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos demandantes de



emprego. Esta nova ferramenta, pioneira na Comunidade Autónoma, permite renovar a demanda de emprego, consultar a axenda e cambiar e configurar os datos da conta de usuario desde o móbil.



abalarMóbil

Outra aplicación relevante foi a **aplicación AbalarMóbil**, levada a cabo pola Amtega en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Foi creada coa intención de aumentar o achegamento entre o profesorado e as familias, permitindo aos pais, nais e titores legais consultar a información dos seus fillos a través do teléfono móbil independentemente do lugar. Esta aplicación está operativa actualmente en máis de 130 centros educativos.

Estas dúas aplicacións inauguraron o espazo '**Xunta de Galicia**', que se creou en 2013 nas distintas plataformas móbiles do mercado para que os cidadáns teñan un punto único de acceso ás aplicacións da Administración.

A finais de 2014 ás xa mencionadas sumábanse a do Diario Oficial de Galicia, a de contratos públicos de Galicia (PcPG - Contratos de Galicia), ás do eido do turismo (Enoturismo, Sendegal, Turismo de Galicia, Bono Iacobus), ás relacionadas coa meteoroloxía (Meteogalicia, MeteoRoute, MeteoSIX) e co medio ambiente (Parques Naturais de Galicia), ás do eido da cultura (Museo Centro Gaiás, eBiblio Galicia) así como unha aplicación para a mocidade (Carné Xove).



A presenza en Internet

- **Máis de 750.000 seguidores nas redes sociais** da Xunta de Galicia a finais de 2014.

Sendo consciente da importancia da presenza na rede como elemento clave na modernización da Administración autonómica aprobouse en outubro de 2011 o **Decreto que regula a presenza da Administración Xeral do Sector Público en Internet** co obxectivo de impulsar os principais de participación, colaboración e transparencia.




O Decreto promove o uso das redes sociais como canle de diálogo, participación consulta e opinión, a través do que recibir valoracións e suxestións sobre a planificación de políticas, e toma de decisións a todos os niveis de goberno. **A Administración autonómica** incrementou progresivamente a súa presenza nestas canles e **contaba a finais de 2014 con 236 canles en redes sociais** como Facebook, Twitter, Tuenti, Flickr, Youtube ou Vimeo.

No marco deste Decreto tamén procedeuse á **renovación da web corporativa** da Xunta de Galicia, deixando atrás o concepto de web institucional para converterse nun espazo de información e servizos máis orientados ao cidadán. Este portal recibiu nos últimos dous anos **máis de 16 millóns de visitas**.



Ademais, en abril de 2012, a Xunta de Galicia **unificou a páxina de acceso ás diferentes consellerías desde o portal web corporativo**, facilitando a navegación e o acceso aos contidos das webs de calquera dos departamentos autonómicos.



En setembro de 2013, o portal da Xunta incorporou a nova funcionalidade, **"Servizos no mapa"**, que facilita a localización dos equipamentos e servizos da Administración pública (culturais, educativos, sanitarios...) tanto autonómica coma estatal e local.

Actualmente o mapa xa dispón de **25 tipos de servizos**, aos que se seguirán incorporando, de xeito progresivo, outros novos co obxectivo de converterse nunha **guía de referencia** para coñecer os datos de contacto e localización destes no territorio.

O portal web institucional, xunto cos portais web do resto de Consellerías experimentaron un notable crecemento no número de **seguidores nas redes sociais**, pasando de 139.524 no 2011 a máis de **750.000 a finais de 2014**.



Servizos públicos


e-Sanidade

- O 100% dos centros de saúde acceden á Historia Clínica Dixital, á imaxe dixital e á receita electrónica e practicamente todos á telemedicina.
- Galicia é rexión de referencia no contexto europeo de envellecemento activo e saudable grazas ao liderado no uso das TIC do seu sistema de saúde.
- En marcha as iniciativas **INNOVASaúde e Hospital 2050**, orientadas a mellorar a prestación sanitaria e os servizos asistenciais.

A Estratexia Rexional de Especialización Intelixente de Galicia 2014 – 2020 establece como un dos seus retos o de posicionar a Galicia para o ano 2020 como a rexión líder no sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados cun modelo de vida saudable.

Neste contexto, un **novo modelo sanitario** chega da man da incorporación das TIC no sector da saúde, co fin de facer posible a **resolución de problemas complexos de xeito áxil e seguro**. Nesta liña foron diversas as actuacións realizadas e os logros acadados.

En 2014 **conseguíuse que o 100% dos pacientes galegos** teñan a súa **historia clínica en formato electrónico** para o fácil acceso a esta por parte do persoal facultativo independentemente do lugar xeográfico.



A imaxe dixital, así como a eReceita acadaron o 100% de penetración nos centros galegos en 2014. Tamén o **acceso aos servizos de telemedicina** achegouse á totalidade dos centros, acadando o **99,78%** a finais do 2014.

Cómpre citar que grazas ao sistema de receita electrónica reduciuse no período 2009 – 2014 en máis de 3,3 millóns o número de citas administrativas aos médicos e permitiu que Galicia fora unha das comunidades con menos incidencias na posta en marcha dos sistemas de copago.

Ademais, Galicia foi a primeira Comunidade autónoma en instaurar o servizo de cita previa por Internet. En 2012 a totalidade dos centros de Atención Primaria dispoñían deste servizo en Galicia. No 2014, o **27,4% dos cidadáns solicitaron a cita**



previa pola rede, 6 puntos máis que no 2011. Ademais o número de citas previas superou o 11,1%, cando no 2011 era só o 8,1.

No ámbito da telemedicina, cómpre sinalar iniciativas como o **Fogar Dixital Asistencial**, un dos 26 proxectos beneficiarios do programa Feder – Ininterconecta 2012 que demostrou o potencial innovador da Comunidade no ámbito sanitario. **Este proxecto dotado con 3,5 millóns** de euros para **implantar dispositivos nos fogares do pacientes crónicos** e enviar, en tempo real, información do seu estado de saúde ao seu hospital de referencia.

A partir de xullo de 2012, a Fundación Pública de urxencias Sanitarias de Galicia – 061, puxo en marcha un servizo de **consulta médica en liña** a través da súa páxina web. Ademais, para mellorar a accesibilidade do paciente ao médico, no 2013 púxose en marcha a **consulta telefónica**.

En marzo de 2012, creouse o programa **Xente Con Vida**, un programa da Consellería de Sanidade para a promoción dunha alimentación saudable. Conta cunha plataforma web, un blog e perfís en distintas redes sociais. Actualmente conta con máis de 22.000 seguidores en Facebook e as visitas ás plataformas deste programa sumaron máis de 230.000 dende o seu lanzamento.



Outros dos proxectos impulsados nos últimos anos para favorecer a creación de contornas colaborativas corresponde ao **Catálogo colectivo on-line das bibliotecas sanitarias galegas (BICO)**. Trátase dun **proxecto pioneiro en España**, mediante o que todas as bibliotecas sanitarias da Consellería de Sanidade pasan a traballar de xeito conxunto e con todos os seus fondos integrados.



Ademais, en novembro de 2012 foi presentada na Unión Europea a candidatura de Galicia como **rexión de referencia no contexto do envellecemento activo e saudable** no marco da **European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing (EIP-AHA)**.

Grazas a que Galicia conta xa cun despregamento moi importante en tecnoloxías da información no ámbito sanitario, é posible **evolucionar cara a unha sanidade totalmente dixital**, integrada na contorna sociosanitaria e no fogar do paciente. Para iso estase a desenvolver



H2050 e InnovaSaúde: o maior plan de innovación sanitaria da historia de Galicia.

Cun **orçamento de máis de 90 millóns de euros**, constitúen as liñas de traballo nas que o Servizo Galego de Saúde identificou necesidades clave e nas que vai financiar actividades de desenvolvemento de **novos modelos e produtos para a mellora da calidade e sustentabilidade do sistema sanitario**, así como servizos que dinamizarán a actividade empresarial.

Para a súa posta en marcha, empregouse o "**Mapa de capacidades tecnolóxicas de Galicia no ámbito sociosanitario**". O documento foi elaborado no 2010 e constitúe unha **recompilación exhaustiva de información dos 162 proxectos tecnolóxicos** desenvolvidos en Galicia **no ámbito sanitario por parte de 43 axentes** pertencentes a grupos de investigación, centros tecnolóxicos e sector tecnolóxico empresarial de Galicia.

Estes proxectos son impulsados no marco da **Plataforma de Innovación Sanitaria**, que foi creada no 2011 e ten como obxectivo xestionar as ideas de mellora do sistema que plantexan os usuarios seguindo un **modelo de innovación aberta** e que invita á participación non só dos profesionais, dos cidadáns e dos pacientes, senón tamén de universidades, centros tecnolóxicos e empresas na construción do sector sanitario galego.



A través da Plataforma trátase de **promover e coordinar a participación da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde en proxectos de innovación e xestionar os resultados dos mesmos**, facilitando así o establecemento de colaboracións entre as diferentes administracións, o Sergas, os centros de coñecemento e as empresas tecnolóxicas.

e – Benestar

- **Mellorouse o sistema de videointerpretación** para o acceso á información do 012, **facilitando a accesibilidade a 84.000 galegos con discapacidades auditivas**.
- **Aprobouse o Plan Trabe para modernización tecnolóxica dos servizos sociais**, orientado a **mellorar a súa eficiencia** garantindo a **sustentabilidade do sistema e incrementando a súa capacidade**.

No ámbito do benestar, o Goberno galego segue a apostar por consolidar unha comunidade galega competente tecnoloxicamente que poida acceder de xeito igualitario aos contidos e servizos dixitais.



Así, a Xunta puxo en marcha en 2011 un servizo **de videointerpretación en lingua de signos** adaptado á persoas con discapacidades auditivas, permitiéndolles acceder á mesma información que se facilita por medio do 012. Dende a súa posta en marcha un total de **84.000 galegos con puideron beneficiarse desta plataforma.**

No mesmo ano púxose en marcha o **Proxecto TIC TAC**, que permitiu que un total de **160 centros públicos** pertencentes a distintas consellerías e departamentos autonómicos contasen **con equipamento adaptado para persoas con discapacidade visual, auditiva, cognitiva ou motora.**

Por outra banda, no tocante aos servizos sociais cómpre destacar que o Consello da Xunta de Galicia aprobou en 2013 o **Plan Trabe para a modernización tecnolóxica dos servizos sociais.** Coa integración das TIC na xestión dos servizos sociais, a Administración autonómica busca mellorar a súa eficiencia para garantir a sostibilidade do sistema e incrementar a súa capacidade para dar cobertura a unha demanda que está en aumento. Ademais, a modernización da xestión permitirá reducir tarefas administrativas e prazos de tramitación. Coa redución de prazos e a xestión eficaz conseguírase un aforro duns 4 millóns de euros anuais.

Dentro do Plan de modernización tecnolóxica do sistema galego de servizos sociais púxose en funcionamento o **Expendiente dixital en dependencia**, que **mellorará a calidade da xestión** en materia de dependencia, **axilizará os tempos de resolución** e suporá un **aforro de preto de 1,2 millóns de euros anuais.**

No 2014 comezou o desenvolvemento da **Historial Social Única** a partir da información dispoñible nos distintos sistemas de información de Benestar e aprobouse en Consello de Goberno a creación dunha base de datos poboacional socio-sanitaria.

e – Xustiza

- Dotouse ao contexto xudicial do **equipamento tecnolóxico** preciso para poder levar a cabo as distintas **tarefas dun xeito áxil e eficiente e modernizar os sistemas de información e xestión procesual** (Plan Senda 2014).
- **Asinouse un convenio co goberno central en 2013 para o desenvolvemento conxunto dun novo Sistema Integrado de Xustiza (SIX).**

Co fin de acadar unha xustiza máis transparente, eficaz e próxima á cidadanía, no 2010 púxose en marcha o **Plan Senda 2014** co obxectivo de evolucionar cara a un modelo integral de sistemas da Administración de Xustiza en Galicia, adaptado ás necesidades da propia comunidade, garantindo a coordinación e interoperabilidade con todas as institucións da Administración de Xustiza e o resto das CCAA.


Dende a súa posta en marcha, a Xunta investiu **23,5 millóns de euros** na **renovación do equipamento e no desenvolvemento das infraestruturas tecnolóxicas** neste ámbito.



Unha das principais iniciativas levadas a cabo foi a **renovación dos equipos informáticos** nos centros xudiciais cunha antigüidade superior a 5 anos, **así en 2014 o 88% dos equipos instalados tiñan unha antigüidade inferior a cinco anos.**

Tamén, no marco do Plan Senda levouse a cabo o despregamento dunha rede de videoconferencia nos órganos xudiciais. Esta rede de servizo a 60 salas de vistas e permitiu a realización de **máis de 3.700 videoconferencias** ata a actualidade.

En 2012 rematou o **proceso de integración dos órganos xudiciais de administración de Xustiza en Galicia no uso de Lexnet**, a plataforma que permite o intercambio seguro de información a través da vía telemática entre xulgados, procuradores e avogados. O crecemento en canto a usuarios e actividade de Lexnet, vese reflexado nas **máis de once millóns de notificacións** que se realizaron no 2014, un valor 70 veces superior ao acadado no 2009.



No Plan Senda atopamos tamén o sistema de **Rexistro Civil en liña (Infoereg)** ao que **teñen acceso o 99% dos Xulgados de Paz galegos** e que permite realizar trámites nos 45 Rexistros Cívís municipais e nos 270 Xulgados de Paz en toda Galicia.

Así mesmo, implantouse o novo sistema de gravación de vistas orais - eFidelius - en 75 salas, o 40% do total. Para apoiar esta iniciativa a Xunta asinou un convenio a finais de 2013 un convenio bilateral coa entidade pública **Red.es** co obxectivo de equipar un centenar de salas xudiciais con este sistema de gravación.

En 2011 púxose en funcionamento o sistema de xestión para a actividade do **IMELGA (SIMELGA)**, o Instituto de Medicina Legal de Galicia, que permite simplificar o acceso á información e facilitar a homoxeneización dos criterios de recollida de información en todas as áreas do Instituto. Actualmente o SIMELGA conta cun volume de máis de **87.000 expedientes rexistrados** e máis de **18.000 notificacións de citas forenses** realizadas.



Formáronse tamén aos profesionais do eido xudicial galego a través de máis de **1.400 actividades formativas** coa intención de garantir a correcta adaptación dos profesionais aos novos sistemas de información.

Outro fito destacable foi a posta en marcha en 2013 da **Comunidade Virtual de Aprendizaxe da Administración de Xustiza en Galicia (CVA)** que acumulou no ano de posta en marcha **máis de 9.000 accesos**. Ten o obxectivo de funcionar como **punto de encontro para a resolución de dúbidas, a ampliación de coñecemento e a consulta** de toda a información relacionada coas actividades formativas e os materiais didácticos das aplicacións informáticas de Xustiza.

En 2013 púxose tamén en marcha o **portal eXustiza**, un portal para conectar a Administración da xustiza coa cidadanía, un proxecto para crear un espazo específico do eido xudicial, onde ofrecer información práctica para o cidadán.



No ámbito estatal, é importante o papel que terá Galicia como **líder do Plan tecnolóxico estatal para a modernización da xustiza**. Esta colaboración está a elaborarse a través dun convenio ente o Goberno estatal e o galego e conta cunha dotación de **cinco millóns de euros de investimento ata o ano 2015**.

Dentro deste convenio encóntrase tamén o desenvolvemento conxunto dun novo **Sistema Integrado de Xustiza (SIX)** a través da realización de un conxunto de iniciativas TIC no ámbito xudicial galego que a posteriori poderán ser utilizadas por outras Comunidades.

Todas as actuacións definidas no convenio concrépanse nun **Plan de Proxectos** que están a ser desenvolvidas entre 2013 e 2015 para poñer en marcha novos servizos dixitais como o **expediente xudicial electrónico** e a completa posta en marcha da **sede electrónica no eido xudicial**.



II.2. ADMINISTRACIÓN EFICIENTE

A modernización da Administración non só ven determinada polo desenvolvemento de servizos máis avanzados e adaptados ás necesidades da cidadanía senón que tamén esixe o compromiso público de configurar unha administración que faga máis con menos, que maximice o aproveitamento dos recursos dispoñibles e garanta unha xestión eficiente do gasto público.

Neste contexto foi definida no marco de 2014.gal a liña estratéxica "Administración eficiente" cuxo obxectivo principal é a transformación da Administración Pública Autonómica desde dentro, realizando accións de homoxeneización en canto a estratexia tecnolóxica e adoptando criterios de economía de escala que permitan a redución de custos e a mellora dos servizos prestados.

Os obxectivos principais establecidos no marco desta liña estratéxica para acadar unha administración eficiente son os seguintes:

- Proporcionar servizos de calidade e eficaces aos usuarios aliñados coas necesidades e directrices estratéxicas.
- Xestión eficiente do gasto: Facer máis e mellor con menos.
- Homoxeneizar e consolidar sistemas de xestión TIC, baixo unhas directrices operativas e estratéxicas unificadas de interoperabilidade.
- Transferencia e compartición do coñecemento TIC en Galicia.

Neste senso a Xunta desenvolveu iniciativas destacables entre as que cabe citar a posta en marcha en 2012 do Centro de Proceso de Datos Integral (CPDi) de Galicia que suporá un aforro de 3 millóns de euros anuais, a creación do portal Open Data na Comunidade (Abert@s) que xa permite a reutilización de preto de 300 conxuntos de datos de organismos públicos así como a elaboración do nodo de interoperabilidade Pasaxe! que evitou aos cidadáns a presentación de máis 1 millón de copias do seu DNI, así como máis de 18.000 certificados de empadramento.



A apertura e reutilización dos datos públicos

- O portal Open Data da Xunta de Galicia: Abert@s xa conta con **case 300 conxuntos de datos**, accesibles e dispoñibles a todo o mundo.
- Abert@s constitúe o **segundo maior proveedor de datos** do portal estatal **datos.gob.es**.



No seu afán de lograr unha administración máis transparente, participativa, colaborativa e integrada coas novas tecnoloxías, a Xunta Galicia creou en 2012 o **Portal Open Data Abert@s**.

O obxectivo desta iniciativa é impulsar a **apertura de datos en todos os organismos do sector público rexional** de forma que poidan ser facilmente consultados, redistribuídos e reutilizados dentro das restricións establecidas. Actualmente contén case 300 conxuntos de datos de carácter xeográfico, estatístico, metodolóxico, turístico, social, económico, etc...

No que respecta ao número de descargas, o portal acumula 17.283 desde a súa publicación en 2012. No cómputo anual, obsérvase un incremento do 53% en 2013 (respecto a anualidade anterior) e do 59% en 2014 (respecto ao 2013).

No 2014 o portal Abert@s **incorporouse ao portal Open Data do Estado datos.gob.es**. Actualmente **constitúe o segundo maior proveedor de datos** a este

datos.gob.es
reutiliza la información pública

portal estatal. Estes abarcan un amplo abanico de temáticas e todos eles son ofrecidos en diferentes formatos abertos (CSV, HTML, ODS, WMS, SOAP, XML o JSON, entre outros) co fin de que poidan ser tratados con diversos tipos de ferramentas sen necesidade de ter que adquirir licenzas de uso.

A consolidación e homoxeneización da infraestrutura

- Preto do **85% dos CDPs do proxecto** están xa **integrados na Amtega**.
- A **consolidación da infraestrutura tecnolóxica e de soporte** permitiu acadar a **redución de entre un 25% e un 30% do custo** dos contratos de



mantemento e adquisición de novos sistemas e software.

Nos últimos anos, a Xunta de Galicia levou a cabo diversas actuacións destinadas a consolidación e centralización de infraestruturas así como a identificación e implantación de ferramentas corporativas comúns co fin de aforrar custos de mantemento e acadar economías de escala.



Entre as actuacións realizadas neste período para o impulso da Administración eficiente destaca principalmente **a posta en marcha en 2012 do Centro de Proceso de Datos Integral (CPDi) de Galicia.**

Supón unha **infraestrutura que integrará nun mesmo espazo as funcionalidades dos CPDs existentes**, e que unha vez consolidado permitirá un **aforro de 3 millóns de euros anuais**. A finais do 2014 conseguiuase integrar na Amtega o 85% dos CPDs do proxecto.

A este respecto, a consolidación da infraestrutura tecnolóxica e de soporte iniciada nos últimos anos permitiu manter a **redución de entre un 25% e un 30% do custo dos contratos de mantemento e adquisición de novos sistemas e software**. Ademais, no último ano leváronse a cabo actuacións encamiñadas a garantir unha maior seguridade e dispoñibilidade tanto da información como dos servizos TIC, reforzando a infraestrutura do CPD de Respaldo.

Por outro lado, cómpre sinalar a elaboración no 2014 do **Plan de dotación e xestión sostible do posto de traballo**, orientado á renovación do equipamento de ordenadores, a homoxeneización do software e a centralización das ferramentas de xestión dos equipamentos, acadando un aforro para a Administración de 1,2 millóns de euros anuais.

Así, aspírase a **unificación das ferramentas de xestión do posto de traballo e a renovación dos postos**, que ascendeu a case 800 no 2014 e que suporá outros 7.000 no 2015. Outra das vantaxes da homoxeneización do equipamento foi a **redución do número de Centros de Atención a Usuarios (CAU)** que pasou de 20 no 2009 a 4 no 2014.



O nodo de interoperabilidade

- O nodo de interoperabilidade PasaXe! evitou aos cidadáns galegos a presentación de máis de **1 millóns de copias de DNIs e máis de 18.000 certificados de empadramento**.

A principios de 2011 foi implantado o Portal de Interoperabilidade en todas as consellerías, que permite eliminar a petición de documentación básica como o DNI, o certificado de empadramento e o de titularidade de conta bancaria.

No 2012 licitouse e adxudicouse a **Plataforma de Interoperabilidade da Administración pública de Galicia**, para acceder a servizos de uso común entre as distintas administracións públicas galegas. No 2013, leváronse a cabo dúas actuacións clave neste ámbito, a construción e posta en marcha do **Nodo de Interoperabilidade PasaXe!** e a sinatura dun convenio de colaboración entre o 'Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas (MINHAP)' e a Xunta para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica.



Por un lado, a posta en marcha do nodo de interoperabilidade **evitou aos cidadáns a presentación de máis 1 millón de copias do seu DNI, así como máis de 18.000 certificados de empadramento**, entre outros documentos. Actualmente xa son de 30 os certificados que poderán ser eliminados da documentación a solicitar aos cidadáns na súa relación coa administración.

Por outro lado, grazas ao acordo, servizos como a sinatura electrónica avanzada, o acceso á plataforma de intermediación de datos por medios electrónicos, a interconexión de rexistros e o sistema de certificación e sinatura electrónica estarán a disposición dos concellos que o requiran de xeito gratuíto a través da plataforma tecnolóxica da Xunta. Promovendo así o uso compartido destas solucións tecnolóxicas, evitando duplicidades e reducindo custos.

No 2014 abordouse a posta en marcha do **Inventario de Información Administrativa (IIA)**, para xestionar a información sobre procedementos administrativos e servizos que presta a Xunta de Galicia de forma clasificada e estruturada, con indicación do nivel de informatización dos mesmos. Estará integrado co Inventario de Información Administrativo Nacional, denominado Sistema de Información Administrativa (SIA).



Ademais no último ano púxose en funcionamento **Notific@**, o **servizo de notificacións electrónicas** que permite o envío e recepción de notificacións de forma gratuíta, segura e confidencial. Este servizo implantouse aplicando as políticas de racionalización de custos, reutilización de sistemas e impulso do software libre e presenta as mesmas garantías xurídicas que as notificacións en papel.

A aposta polo software libre

- Xa son **máis de 400 as actuacións realizadas para o impulso do software e das fontes abertas** en Galicia.
- Implantouse o **Plan de migración do posto de traballo a Software Libre**, orientado á inmersión dos empregados públicos no uso do software libre nas tarefas laborais cotiás

No 2014 a Xunta seguiu a apostar polo fomento e promoción do Software Libre e dos estándares abertos, e por facer uso deste tipo de solucións en iniciativas como o desenvolvemento da e-Administración, o proxecto Abalar, na formación tecnolóxica que a Xunta ofrece aos cidadáns a través da Rede CeMIT e nas accións dirixidas ao sector empresarial a través do Centro Demostrador TIC.



Con este propósito, puxéronse en marcha diferentes **Plans de Software Libre**, dende o ano 2010 ata o 2014, que permitiron o **desenvolvemento de máis de 400 actuacións** para o seu impulso na Comunidade. Ademais continuouse coa formación en materia de software libre ao empregado público (EGAP) e coas actividades de asesoramento e difusión sobre ferramentas libres aos diferentes departamentos da Xunta.

Outras actuacións destacables realizadas neste ámbito foi a **creación da Oficina de Coordinación de Software Libre** no 2010 como a entidade coordinadora das diferentes accións promovidas pola Xunta de Galicia relativas ao fomento e promoción do software libre e as fontes abertas.

No 2014 o **Repositorio de Software Libre da Xunta de Galicia federouse co repositorio do Centro de Transferencia de Tecnoloxía (CTT)**, o directorio estatal de aplicacións reutilizables que o Estado pon a disposición de todas as administracións para facilitar



que estas poidan avaliar a existencia de posibles solucións reutilizables para o desenvolvemento de novos sistemas ou servizos.

Para o impulso do software libre na Comunidade foron asinados ao longo dos últimos anos distintos **convenios de colaboración con diferentes asociacións e axentes do ecosistema galego do software libre**: Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL), Consorcio Interuniversitario das Universidades Galegas (CIXUG), Asociación Galega de Empresas de Software Libre (AGASOL), o Colexio Profesional de Enxeñería Informática de Galicia (CPEIG) e o Colexio Profesional de Enxeñería Técnica Informática de Galicia (CPETIG). Estes axentes realizaron **un total de 98 actividades** que **achegaron o Software Libre a máis de 2.200 persoas**.

Finalmente cómpre citar a posta en marcha o **Plan de migración do posto de traballo a Software Libre**, no marco do Plan de dotación e xestión sostible do posto de traballo, aprobado en xaneiro de 2015, que ten previsto unha migración inicial en 500 postos de usuario e a habilitación dun catálogo con software corporativo adaptado a cada posto de traballo, garantindo a sustentabilidade do modelo, a calidade no soporte aos usuarios e a súa xestión.



II.3. CIDADANÍA DIXITAL

O futuro da Sociedade da Información en Galicia pasa por dotar á cidadanía das competencias e formación necesarias e por asegurar a participación de todos en igualdade de condicións.

Neste contexto, 2014.gal Axenda Dixital de Galicia definía a liña “Cidadanía dixital” coa finalidade de consolidar unha comunidade galega competente tecnoloxicamente que poida acceder de xeito igualitario aos contidos e servizos dixitais.

Así, os avances nas iniciativas orientadas a consolidar unha cidadanía capacitada tecnoloxicamente que poida acceder de xeito igualitario aos contidos e servizos dixitais, como son a Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica (CeMIT) e o Programa de Voluntariado Dixital (VOLDIX), víronse reflectidos no incremento do acceso e uso de Internet pola poboación. Galicia incrementou nun 40% a porcentaxe de persoas que empregaron Internet nos últimos 3 meses (pasando do 49,3% en 2009 ao 69,3% en 2014).

Máis a este respecto, 2014.gal fixaba unha meta máis ampla, para medrar de xeito efectivo no uso da Sociedade da Información era preciso facer unha aposta decidida por definir estratexias no sistema educativo que permitan crear “nativos dixitais” e facer menos necesarias as políticas de alfabetización dixital.

Así, e como unha das áreas prioritarias do executivo galego, xa en 2010 xurdía o Proxecto Abalar que sustenta a estratexia para a integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia, e que está a supor a conversión dos colexios e institutos galegos en centros educativos dixitais.

E finalmente, outro dos aspectos que contemplaba 2014.gal residía na posta en valor da riqueza cultural de Galicia mediante accións encamiñadas a preservar a nosa identidade e dar a coñecer os aspectos diferenciais que caracterizan á cultura galega máis aló das nosas fronteiras. Neste senso, a posta en marcha do dominio .gal en 2014 é un logro histórico que coloca a Galicia cun espazo de seu na Rede.



Inclusión dixital

- **Actualmente todo galego/a ten a media hora de distancia do seu fogar unha aula na que poder acceder á formación TIC** grazas á Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica (CeMIT).
- **O Programa de Voluntariado Dixital (VOLDIX)** estende a oferta pública de alfabetización dixital orientada a colectivos en risco de exclusión a todo o territorio.
- No 2011 aprobouse o Decreto que regula o proceso para obter a **Certificación de Competencias Dixitais en Ofimática (CODIX)**, no ano 2014 emitíranse 850 certificacións.

A Xunta de Galicia segue a promover o uso das novas tecnoloxías entre a poboación galega a través de iniciativas como a Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT).

Esta Rede, posta en marcha no 2011, persecue capacitar dixitalmente á comunidade galega atendendo especialmente aos colectivos máis afectados pola fenda dixital, así como fomentar a formación dixital entre os profesionais galegos e mostrar ás pemes e micropemes as vantaxes da sociedade da información.

Así, a Rede CeMIT conta con **98 aulas repartidas en 92 concellos** e, desde o comezo da súa andaina, impartiu por riba de **147.700 horas de formación, achegando as novas tecnoloxías a case 43.000 persoas**. De feito, durante o 2014 no marco do plan de formación da Rede CeMIT, alcanzouse un incremento de preto do 32% con respecto ao total de usuarios rexistrados a finais do ano anterior.

Ademais da actividade cotiá, a Rede tamén favoreceu á participación e dinamización de proxectos singulares. Así en 2012, púxose en marcha **“Miradas de Muller”**, unha iniciativa para mulleres desempregadas de zonas rurais e enfocada a súa incorporación ao mundo empresarial no eido da fotografía dixital. No 2014 desenvolveuse **Faite dixit@!**, unha acción orientada a achegar á cidadanía ferramentas e coñecementos dixitais avanzados, favorecer a empregabilidade, o emprendemento e a adquisición de novas competencias dixitais.





O 15 de Xaneiro de 2014 foi asinado o **Convenio** de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Amtega e a FEGAMP, **para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da administración local.**

A definición deste Plan apóiase na **cooperación, participación e implicación dos axentes do ecosistema dixital** e define tres grandes eixos de actuación, que permitirán á cidadanía incrementar paulatinamente os seus coñecementos e o aproveitamento das posibilidades das TIC: alfabetización dixital, capacitación dixital e innovación social e dixital participativa.

A sinatura do devandito acordo garantía a continuidade das actividades da Rede CeMIT, posta en marcha en 2011, buscando a mellora dun servizo fundamental para reducir a fenda dixital nos 314 Concellos de Galicia. Mediante o Convenio, a AMTEGA, a través da FEGAMP, achegou a 62 Concellos 782.774 euros para a realización de actividades destinadas á inclusión dixital da cidadanía en todo o territorio galego.

Outra das iniciativas destinadas a lograr a inclusión dixital da cidadanía galega é o **Programa de Voluntariado Dixital**, que foi posto en marcha en xaneiro de 2012 co obxectivo de estender a oferta pública de alfabetización dixital.

A finais do 2014, estaban adheridos ao programa **410 voluntari@s dixitais**, o que supón un incremento do 20% en relación ao ano 2013. No referido ás **entidades colaboradoras, o seu número acadou os 103**, un 32% máis respecto ao período anterior. Destas entidades, 14 son organismos colaboradores, 69 entidades de acción voluntaria e 20 mecenas dixitais. As actividades deste Programa **beneficiaron a 4.300 persoas** pertencentes a colectivos en risco de exclusión dixital.

Neste eido, a **Comisión Europea seleccionou o Programa de Voluntariado Dixital** para ser analizado nun **seminario Peer Review** a nivel europeo como exemplo de boa práctica en materia de inclusión social a través das TIC.

Entre as actividades realizadas nos últimos anos dentro do Programa de Voluntariado Dixital, cómpre destacar a formación nas TIC desenvolvida nos centros penitenciarios de Galicia, os apoios dixitais, a entrega de equipamento ou a realización de xornadas temáticas sobre boas prácticas en inclusión dixital, as redes sociais ou a identidade dixital e a procura de emprego.





Ademais, no ano 2011 aprobouse o Decreto que regula o proceso para obter o **Certificado de Competencias Dixitais en Ofimática (CODIX)**, que permite acreditar ante instancias públicas ou persoais o nivel de competencia en ofimática.

Así, a finais de 2014 emitíranse 850 certificados acreditativos, consecuencia da constatación mediante as probas de nivel correspondentes, organizadas pola Amtega ou por outras entidades promotoras no marco dos convenios asinados entre estas e a Escola Galega de Administración Pública (EGAP).



Incorporación das TIC na escola

- **51.700 alumnos de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º de ESO beneficianse do Proxecto Abalar**, que xa dispón de máis de 2.000 aulas dixitalizadas en 531 centros educativos.
- **Galicia é pioneira na implantación do libro dixital nos centros educativos.** Máis de 2.300 alumnos de 5º de primaria acceden a contidos dixitais e gratuítos no curso 2014/2015.

Galicia sitúase entre as rexións europeas que contan cunha folla de ruta específica propia para a integración plena das TIC na práctica educativa de cara a conseguir os obxectivos comúns da Estratexia de Educación e Formación 2020 da Unión Europea.



O **proxecto Abalar**, posto en marcha pola Xunta de Galicia no ano 2010, vai máis aló da introdución de dispositivos e ferramentas TIC na escola, persigue a **transformación integral do modelo educativo**. Recolle, suma e incrementa os recursos existentes para acadar a resposta integral e de futuro do Goberno galego aos retos que presenta a educación dos nosos nenos e nenas na sociedade dixital do século XXI.

A estratexia xira arredor do concepto de **centro educativo dixital** que supera o concepto de centro educativo tradicional e persegue dispor de recursos humanos e pedagóxicos, así como de infraestruturas e servizos axeitados para o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa.



Con todo, os esforzos para acadar esta resposta integral non se esgotan na extensión das ferramentas TIC e abarcan a introdución da competencia dixital como unha competencia clave dentro do curriculum académico, tal e como se recolle no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria** na Comunidade Autónoma de Galicia.

En paralelo co desenvolvemento de Abalar realizáronse cada ano edicións dun curso "**Navega con Rumbo**" unha acción encamiñada a guiar aos escolares cara unha navegación segura, tratando de evitar así que sexan vítimas de condutas como o ciberacoso.



Ademais, co obxectivo de pór **en marcha o libro dixital nos centros educativos galegos iniciouse o proxecto E-DIXGAL**, grazas ao cal docentes e alumnos dos centros implicados teñen acceso a un entorno virtual de aprendizaxe cos contidos dixitais gratuítos. Unha mostra máis da aposta pola innovación e do compromiso por situar aos centros de ensino galego na vangarda educativa europea.

Galicia é pioneira na implantación do libro dixital nos centros educativos



✓ Máis de 2.300 alumnos de 5º de primaria de 84 centros acceden a contidos dixitais e gratuítos no curso 2014/2015.

Os docentes poderán elaborar a súa propia "mochila dixital" seleccionando a través da plataforma dixital os contidos formativos e podendo incorporar os materiais complementarios que desexen.

En busca da identidade cultural na Rede

- **Aproboouse o dominio .gal, unha marca propia coa que identificar en Internet as páxinas escritas en galego** e, así, facernos máis visibles dentro deste espazo de comunicación global.
- **A Rede de Bibliotecas de Galicia xa integra a 1.850 puntos de acceso aos fondos bibliográficos.**

En xuño de 2014 o ICCAN (Corporación de Internet para a asignación de nomes e números) comunicou a **aprobación da candidatura do dominio .gal**, un logro que, logo dunha intensa década de traballo coloca a Galicia cun espazo de seu na Rede.



A consecución dun dominio propio para Galicia é un logro impulsado pola Asociación Puntogal, que contou co apoio de máis de 110 institucións e preto de 14.000 cidadáns. Neste esforzo conxunto, sumouse tamén a Administración autonómica institucional e financeiramente.

A consecución deste dominio **supón unha oportunidade única para agrupar todos os contidos da Rede vinculados á nosa cultura e á nosa lingua** e impulsar o galego como medio para fomentar a identidade cultural de Galicia. Trátase dun exercicio de normalidade, en tanto que permite visualizar a existencia da comunidade

galega na rede e dispor dun espazo con maior proxección no mundo dixital ao permitir unha mellor localización dos contidos.

Ata o momento, **rexistráronse máis de 600 dominios .gal** para os distintos departamentos e entes da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Por outra banda, salientase tamén o esforzo dedicado á promoción de ferramentas tecnolóxicas para garantir unha correcta descrición, conservación e preservación dixital, catalogación, normalización, estandarización e difusión dos bens culturais que se xestionan desde arquivos, bibliotecas e museos dependentes da Xunta de Galicia.

Así aprobouse a **Lei de Bibliotecas**, que está en vigor desde xullo de 2012 e establece as condicións básicas para **adaptar a xestión das bibliotecas públicas galegas ao contexto dixital** co fin de consolidalas como centros produtores e provedores de información que melloren o acceso e favorezan procesos de democratización cultural. No marco desta Lei creouse o portal **Rede de Bibliotecas de Galicia** que actualmente permite o acceso a 1.850 puntos de servizo, entre bibliotecas, arquivos e museos.



Neste contexto, creouse tamén **Galiciana**, que pon a disposición dos usuarios unha gran colección en rede de **reproduccións dixitais de documentos orixinais de bibliotecas de Galicia** e a día de hoxe xa permite a consulta, lectura e descarga de **máis de 4.900 obras**.



Outra actuación destacable é a creación da **Plataforma Galiciale, a plataforma de préstamo de libros electrónicos** posta en marcha no 2014 que facilita o acceso a máis de 1.700 libros e audiolibros en galego e castelán.

Ademais, co fin de promocionar a cultura galega, no 2014 publicáronse tres novos portais de gran relevancia neste eido: o **portal web da Secretaría Xeral de Cultura**, o **portal de Museos de Galicia** e o **portal Axenda de Cultura de Galicia**, configurándose como tres puntos clave de referencia para ao acceso de contidos e información no ámbito cultural da Comunidade.

Por último e con respecto á creación de escenarios de participación para a cidadanía na Rede salientase a creación do **blog Xente Dixital**, un novo **espazo para compartir as vantaxes da**

XenteDixital



tecnoloxía dun xeito ameno e sinxelo. Este espazo que foi creado en 2013 contaba a finais de 2014 con preto de mil subscritores.



II.4. TRANSFORMA TIC

O propio Plan Estratéxico de Galicia 2010 – 2014 facía un recoñecemento da importancia estratéxica do sector TIC para contribuír á dinamización e aumentar a competitividade da economía galega.

Neste contexto, 2014.gal Axenda Dixital de Galicia como instrumento que establecía o xeito no que as políticas tecnolóxicas respaldaban e reforzaban transversalmente os distintos eixos do Plan Estratéxico de Galicia definía a liña 'Transforma TIC' de impulso ao sector TIC galego coa vista posta en:

- Consolidar un hipersector TIC competitivo, innovador e xerador de emprego cualificado, capaz de facer fronte aos retos da nova economía do coñecemento.
- Construír un hipersector TIC cohesionado e integrador, que actúe non só como sector estratéxico senón tamén como motor do resto de sectores estratéxicos de Galicia.
- Converter o hipersector TIC, nun sector forte en busca da excelencia tecnolóxica, que estimule a creación dunha clase emprendedora e creativa.

Para apoiar á consecución destes obxectivos, o Goberno galego achegou no período 2009 – 2014 máis de 100 millóns de euros en axudas para o desenvolvemento da economía dixital que mobilizaron máis de 228 millóns de euros entre capital público e privado. E impulso a posta en marcha de iniciativas en colaboración cos axentes do sector TIC galego, como son o Programa TransformaTIC e o Pacto Tecnolóxico Dixital, co fin de maximizar a eficiencia e eficacia das actuacións a abordar no eido de apoio ao crecemento do sector.

Así, pódese afirmar que Galicia conta cun sector TIC forte que mantén o emprego por riba dos 15.000 traballadores dende 2010, cun volume de negocio de 2.290 millóns de euros en 2013. E onde a innovación comeza a ser unha parte fundamental do negocio, en 2013 máis do 30% das empresas TIC galegas desenvolveron actividades de I+D+i, e destas, o 65,2% obtivo resultados comercializables.

Ademais, é de destacar o capital humano do sector, con preto de 4.000 alumnos matriculados en carreiras TIC no sistema universitario galego, tres centros tecnolóxicos de prestixio e 37 grupos de investigación.



Apoio ao desenvolvemento da economía dixital

- **No período 2009 – 2014, cunha achega pública de máis de 103 millóns de euros, mobilizáronse máis de 228 millóns de euros para potenciar o sector da economía do coñecemento e a empresa dixital.**
- Impulsáronse as **primeiras iniciativas de Compra Pública de Tecnoloxía innovadora (CPTi)**, os programas Hospital 2050 e InnovaSaúde.

Por outra banda, a aposta pola innovación dende o executivo galego trasladouse en iniciativas como o Programa FEDER - Ininterconecta para o fomento do I+D nas áreas tecnolóxicas estratéxicas para Galicia, **aprobando 34 proxectos relacionados co sector TIC** que mobilizaron un total de case 33 millóns de euros de investimento.

E co obxectivo de contribuír ao fortalecemento das PeMEs, Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma que puxo en marcha un programa específico para proxectos innovadores en cooperación exclusivamente entre PeMEs. O Programa **Conectapeme mobilizou 10 proxectos TIC**, coa participación de 33 empresas e case 1 millón de euros de achega pública.

Estas e outras axudas promovidas pola Xunta de Galicia neste eido supuxeron un **investimento público de máis de 100 millóns de euros**, conseguíndose **mobilizar máis de 228 millóns de euros para o fortalecemento do sector TIC** e o desenvolvemento dixital empresarial.

Así mesmo, comezáronse a dar os primeiros pasos de cara a fortalecer os vínculos entre o sector público e o sector TIC, que se materializaron no lanzamento de iniciativas de colaboración pública – privada como son o Sistema de Axuda á Explotación (SAE) do Transporte público regular de viaxeiros por estrada de Galicia, ou os plans InnovaSaúde e H2050 levados a cabo a través de accións para a Compra Pública de Tecnoloxía Innovadora (CPTi).

Estratexia única para potenciar o sector TIC: Programa TransformaTIC

- **Aprobouse o Programa TransformaTIC, unha estratexia única** que aglutina e aúna os medios da Administración e os axentes do sector TIC **para potenciar e reforzar o sector TIC de Galicia.**



O Goberno galego, consciente do potencial estratéxico que presenta o sector TIC para a Comunidade, definiu no ano 2013 o **Programa TransformaTIC**, unha iniciativa que aglutina e aúna os instrumentos cos que conta a Administración autonómica e os axentes do sector TIC para impulsar unha **estratexia única** que permita: impulsar un sector TIC cohesionado e integrador, que actúe como **elemento tractor para o desenvolvemento do resto de sectores**



estratéxicos de Galicia, debido á súa compoñente transversal, e consolidar un sector TIC **competitivo, innovador e xerador de emprego cualificado**, capaz de facer fronte aos retos da nova economía do coñecemento.

Neste senso, para a posta en marcha de iniciativas que permitan acadar ditos obxectivos, previamente estableceuse un **acordo de coordinación competencial entre a Amtega e as Consellerías** de Economía e Industria, Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Traballo e Benestar e asinouse un **convenio** entre a Xunta e as **tres universidades galegas**, os **centros tecnolóxicos** adicados ás TIC, e o **Clúster TIC** galego.

Pacto Tecnolóxico Dixital

- **Asinouse o Pacto Tecnolóxico Dixital con 12 grandes empresas do sector TIC e o Clúster TIC galego** para cooperar no desenvolvemento dixital de Galicia.
- **A posta en marcha do centro de emprendemento TIC Galicia Open Future e a extensión de cobertura 4G**, entre as primeiras iniciativas derivadas do Pacto Tecnolóxico Dixital.

Por outra banda, tamén a Xunta de Galicia asinou un **Pacto Tecnolóxico Dixital con 12 grandes empresas do sector TIC e o Clúster TIC galego** para cooperar no desenvolvemento dixital de Galicia durante o período 2013 – 2020. Este acordo foi o primeiro deste tipo que se realizou en España no que tanto o Goberno galego como as empresas asinantes



asumían un decálogo de compromisos para atraer investimentos a Galicia, favorecer a internacionalización das PeMEs galegas e lograr a colaboración activa entre as grandes e pequenas empresas para conseguir o crecemento do sector.

GALICIA OPEN FUTURE

Unha das primeiras iniciativas derivadas do Pacto foi a posta en marcha da iniciativa de Telefónica, **Galicía Open Future**. Un Centro de Emprendemento TIC, que contará ata o 2016 cun investimento do operador de 850.000 euros anuais, para ofrecer os seus recursos e ferramentas ao desenvolvemento de 50 proxectos empresariais innovadores. Os seleccionados, beneficiaranse ademais do Programa de Incentivos á Excelencia Innovadora en materia TIC da Xunta que conta cun orzamento de 750.000 euros.

Así mesmo, Vodafone comprometeuse a **dotar de cobertura 4G** no ano 2014 ás 7 grandes cidades de Galicia. Este despregamento supuxo un investimento en rede na Comunidade galega de 55 millóns de euros. Así mesmo, está previsto o despregamento de FTTH, fibra óptica ata o fogar, que incluírá tamén as principais capitais galegas.



II.5. ECONOMIC-IT

As novas tecnoloxías convértense nunha ferramenta de dobre empuxe: por un lado melloran a eficiencia das empresas, e por outro, actúan como mecanismo para facilitar a innovación.

Nesta contorna, 2014.gal Axenda Dixital de Galicia, definía a liña estratéxica “EconomiC-IT” coa vista posta en:

- Contribuír á creación de emprego e ao crecemento económico sostible de Galicia creando un novo modelo produtivo.
- Facer máis competitivos os sectores estratéxicos de Galicia mediante a incorporación das TIC aos seus modelos de negocio (automoción, naval, enerxía, pedra e rocas ornamentais, téxtil, madeira, turismo).
- Facilitar a incorporación das micropemes e autónomos á Sociedade da Información, reducindo a fenda dixital para converxer con España e Europa.

Deste xeito, era preciso avanzar cara a un novo enfoque centrado nas empresas, nos seus obxectivos e nas súas necesidades concretas. E este enfoque global e coordinado, tiña que ser quen de integrar a oferta TIC coas necesidades das empresas dos diferentes sectores estratéxicos de Galicia.

Así, no ano 2011 xurdía o Centro Demostrador TIC (CDTIC) de Galicia, un punto de encontro entre a oferta do sector TIC e o resto dos sectores empresariais galegos que demandan produtos e servizos TIC para mellorar a súa produtividade e competitividade.

Ademais, debíase apostar por unha segmentación das necesidades TIC das empresas galegas, que permitise deseñar actuacións máis e mellor focalizadas, e cun maior impacto, maior eficacia e satisfacción. Esta aposta materializaríase co desenvolvemento de programas específicos para a modernización dos principais sectores produtivos de Galicia, como son: o Plan Smart Turismo, a Oficina Agraria Virtual ou a plataforma tecnolóxica da pesca.

Con todo, a día de hoxe pódese afirmar que en Galicia a implantación das TIC nas empresas avanza progresivamente, aínda que debe continuar a tarefa de profundar na transformación dixital dos autónomos, microPeMEs e PeMEs como groso do tecido produtivo.



O Centro Demostrador TIC

- **O CDTIC leva desenvolvidas, dende a súa creación, 160 actividades coa participación de 1.000 empresas.**
- **O mapaTIC.gal recolle información de 300 provedores TIC e 700 solucións e servizos tecnolóxicos.**

No ano 2011 comezaba a súa andaina o **Centro Demostrador TIC de Galicia (CDTIC)**, posto en marcha pola Amtega xunto coa Consellería de Traballo e Benestar e a entidade pública Red.es como panca para o desenvolvemento da economía dixital.



O CDTIC asume o rol de escaparate tecnolóxico para incentivar o uso transformador das TIC para o crecemento, a mellora da competitividade e a internacionalización do sector empresarial galego.

Dende a súa posta en marcha, leva realizadas **máis de 160 actividades coa colaboración de 130 empresas TIC ás que asistiron máis de 1.000 empresas** de diversos sectores.

Entre outras actividades, cada ano lévanse a cabo accións para a formación e demostración de solucións libres, a presentación de proxectos singulares tales como a **'Guía de solucións TIC en Software Libre para profesionais autónomos'**, ou a actualización do **'MapaTIC.gal'**, punto de encontro virtual entre as empresas TIC e as empresas doutros sectores que demandan solucións tecnolóxicas, que a finais do ano 2014 ofrecía ás empresas máis de 700 solucións TIC galegas de 300 provedores. Do mesmo xeito, a través do **CDTIC Virtual** ofréceselles ás empresas e usuarios a posibilidade de analizar e probar solucións empresariais libres na nube.

Así mesmo, tamén cobra especial importancia o impulso de determinadas actividades con carácter sectorial:

- No 2013 o CDTIC puxo en marcha as **Semanas TIC Sectoriais**, co obxectivo de desenvolver accións de sensibilización sobre a aplicación TIC aos procesos produtivos das empresas.

O téxtil foi o sector protagonista da I Semana TIC celebrada que reuniu a 131 profesionais. A este respecto, presentouse o **Catálogo ModaTIC.gal**, que recolle unha mostra representativa de 40 empresas e 5 axentes de innovación no ámbito



TIC existentes en Galicia, así como, un conxunto de máis de 70 produtos e servizos tecnolóxicos específicos para o sector téxtil.

No 2014 celebrouse a **I Xornada de Turismo** para definir os retos pendentes na aplicación das novas tecnoloxías a este sector e amosar de forma práctica, as solucións máis innovadoras que existen hoxe en día para o turismo. Asemade, presentouse o **Catálogo de Provedores e Solucións TIC para o Turismo, TurismoTIC.gal** onde se recolle unha mostra significativa de empresas TIC galegas que ofertan produtos e servizos específicos para as empresas do sector turismo.

- No último ano o CDTIC comezou a súa colaboración no **proxecto STAMAR** que ten como obxectivo contribuír a **mellorar a competitividade e capacidade de innovación das PeMEs do sector marítimo**, favorecendo os procesos de transferencia tecnolóxica e en particular daquelas solucións que favorezan un desenvolvemento empresarial sostible co medio ambiente.



No proxecto STAMAR, liderado pola Amtega, participan 9 socios de 5 países europeos (Reino Unido, Irlanda, Francia, Portugal e España) e conta cun orzamento total de 1,3 millóns de euros, financiados con fondos do Programa Operativo de Cooperación Transnacional do Espazo Atlántico, ata o ano 2015.

Entre as actividades realizadas ao abeiro do proxecto no ano 2014 destaca a xornada celebrada para o intercambio de experiencias e innovacións coa comunidade científica e a xornada sobre as potencialidades das tecnoloxías da información e a innovación no sector do mar.

En xeral, entre os logros máis destacables do CDTIC no ano 2014 cabe mencionar que o 45% das empresas demostradoras recibiu peticións de ofertas e o 26% pechou cando menos un contrato. No referido á demanda, o 90% das empresas indicou que accedera a solucións e servizos que descoñecía.

Ademais, no ano 2014 asinouse un **convenio para a conformación dunha Rede nacional de Centros Demostradores TIC** co fin de establecer mecanismos de coordinación entre os diversos centros, fomentar a realización de actuacións conxuntas, e deseñar ramas ou áreas temáticas ou tecnolóxicas onde cada centro profundará.



As TIC no sector turístico

- **En marcha o plan Smart Turismo para impulsar a modernización e a competitividade do sector a través das TIC.**

O Goberno galego puxo en marcha o **Plan Smart Turismo** que, enmarcado no Plan Integral de Turismo 2014-2020 e cun investimento previsto de 10 millóns de euros ata 2020, alíña a tecnoloxía cos obxectivos estratéxicos da Administración autonómica para evolucionar cara a un **sector turístico máis competitivo, participativo e innovador**.

O Plan Smart Turismo estrutúrase en torno a catro eixos estratéxicos, a modernización das infraestruturas tecnolóxicas de turismo de Galicia, a promoción, comercialización e fidelización dos viaxeiros, o fomento da innovación, coordinación e colaboración público-privada e a potenciación do Camiño de Santiago, a través da liña SmartCamiño.

Dentro do Plan Smart Turismo, no **ano 2014 licitouse a execución das actuacións para o desenvolvemento do plan SmartCamiño**: unha plataforma de intercambio de información entre o Camiño, os peregríns e o sector empresarial local, a modo de iniciativa extensible a outros contextos territoriais.



O Plan SmartCamiño inclúe a dotación de conexión a espazos wifi na rede de albergues públicos do Camiño de Santiago en Galicia; o redeseño do espazo web xacobeo.org coa finalidade de dotalo de espazos de difusión do camiño e espazos de promoción do sector turístico na rede e, entre outras, o desenvolvemento de aplicacións de acompañamento no camiño para o peregrino.

As TIC no transporte

- **Máis de 15 millóns de billetes foron procesados no sistema de tarxeta metropolitana** dende a súa posta en marcha no 2011.
- **O Sistema de Axuda á Explotación da Mobilidade de Galicia estará operativo no segundo semestre de 2015** e permitirá unha mellor xestión do



transporte público de viaxeiros por estrada e unha eficiente atención aos viaxeiros.

O **Plan de Transporte Metropolitano** foi posto en marcha a comezos do 2011 co **obxectivo fundamental de mellorar a mobilidade e accesibilidade** na contorna de todas as áreas metropolitanas e, polo tanto, que a cidadanía poida dispor dun **mellor servizo de transporte público colectivo** que sexa unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado. No 2014 funcionaba nas áreas de A Coruña, Santiago, Ferrol e Lugo.

Para a xestión do sistema a Xunta de Galicia dispón dos sistemas tecnolóxicos (SITME y SITBUS), pezas centrais do funcionamento do transporte metropolitano de Galicia e da relación entre as empresas de transporte, os viaxeiros, a administración autonómica, a administración local e as entidades bancarias colaboradoras.

Así mesmo, un dos compoñentes básicos do Plan é a **Tarxeta Metropolitana de Galicia**. Unha tarxeta electrónica que fai posible a consecución das **novas vantaxes tarifarias** como son o abaratamento do custo de viaxes, dos transbordos ou os descontos por recorrencia. A finais do 2014, o número de billetes procesados no sistema de tarxeta metropolitana ascendeu a 15,8 millóns.



Tamén no ámbito do transporte, o ano 2014 supuxo a posta en marcha do proxecto do **Sistema de Axuda á Explotación da Mobilidade de Galicia**, co obxectivo de contribuír de maneira significativa á consecución dun sistema de transporte público de viaxeiros por



estrada máis limpo, seguro e eficiente a través da mellora na xestión e control da flota adscrita ao servizo de transporte público regular de viaxeiros de Galicia e a verificación do cumprimento das obrigas dos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular.

Este Sistema de Axuda á Explotación (**SAE**) que estará operativo no segundo semestre do ano 2015 é unha **ferramenta de xestión** que permitirá coñecer a localización e posicionamento en tempo real dos vehículos, unha mellor regulación do servizo ao controlar o desfase do vehículo respecto da posición ou ruta prevista e proporcionará información sobre o número de usuarios e o pago do servizo.

Ademais, con esta iniciativa a Xunta de Galicia ofreceu aos empresarios do sector a a posibilidade de integrarse no proxecto, permitíndolles dispor deste servizo sen necesidade de dotarse dun SAE local propio e beneficiarse das mellores condicións económicas grazas ao uso de economías de escala.

A Xunta de Galicia está a licitar o SAE a través da modalidade de diálogo competitivo. Este procedemento permitirá deseñar un sistema á medida do sector, que poderá definir as súas necesidades, os seus retos presentes e futuros e a súa visión do negocio co soporte e a coordinación da Administración autonómica a través dunha modalidade de contratación innovadora, que permitirá, a través do dialogo cos licitadores, dotar ao sistema da solución que mellor se adapte ás necesidades.

As TIC no ámbito rural

- **A Oficina Agraria Virtual xestionou 644.000 peticións de servizos no ano 2014.**
- **En marcha o proxecto piloto de Lonxa Virtual de Gando.**
- **Máis dun millón de euros en axudas para a incorporación das TIC nas microempresas do rural.**
- **O 28% das solicitudes de queimas controladas realízanse por medios telemáticos.**

A **Oficina Agraria Virtual (OAV)** comezou o seu funcionamento no segundo semestre do 2010, e permite operativizar e axilizar a relación entre a Administración e os gandeiros ao permitir a realización de xestións de xeito telemático como son as altas de nacemento de gando ou as solicitudes de duplicados de chapas identificativas.



No 2014, entre outras, tivo lugar a incorporación de novas funcionalidades como son: a posibilidade de obtención do Libro de Rexistro de Ovino-Caprino, a obtención dos documentos de cualificación sanitaria, o acceso dos matadoiros para comunicación de sacrificios, ou o acceso do Consello Regulador das

Explotacións de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) para a tramitación das Explotacións de tipo "Ecolóxica".

A **OAV xestionou 644.000 peticións de servizos no ano 2014**, entre as que se poden mencionar 436.000 altas por nacemento, 139.000 movementos de reses, 53.301 guías de veterinarios autorizados ou 31.000 duplicados de identificación.

Ademais, no 2014 púxose en marcha o proxecto piloto de **Lonxa Virtual de Gando**: servizo gratuíto para os gandeiros galegos, destinado á compravenda de gando a través de Internet.

A estas iniciativas hai que engadir o lanzamento no 2012 das axudas destinadas ás microempresas do rural, no marco do convenio entre a Consellería de Medio Rural e do Mar e a Amtega, que contou cun orzamento de máis dun millón de euros ata 2014 e facilita a incorporación das TIC nas empresas destas áreas, un aspecto fundamental para a mellora da súa competitividade e o progreso do rural.

A xestión dos recursos forestais e o control dos lumes, tanto na loita contra os incendios como na súa prevención, son tamén áreas nas que as TIC están a xogar un papel importante, tanto na propia Administración para a súa xestión como na relación coas empresas e entidades do sector.

Así nos últimos anos desenvolvéronse sistemas para a Implantación do **sistema de comunicación web de cortas de madeira privadas** (CORWEB) o que permitiu que ata un 25% das solicitudes se tramitaran xa telematicamente desde a súa posta en marcha en setembro do 2014 e a **aplicación de xestión dos incendios** (queimas controladas, diario de lumes, xestión de quendas, etc), un servizo que no 28% dos casos se realiza por sistemas telemáticos e que chega ao 50% incluíndo os de voz automatizado (IVR).

Ademais no último ano instalouse un novo **sistema de visualización no Centro de Control e Coordinación de Incendios de Galicia** (CCC-Incendios) operativo desde o arranque da campaña de incendios do 2014, así como un visor forestal para a Xestión de capas gráficas, en colaboración co Instituto de Estudos do Territorio.

As TIC no sector da pesca e do mar

- **Case o 19% dos documentos emitidos na Plataforma Tecnolóxica de Pesca realízanse desde os terminais TICPESC** instalados nos portos de




Galicia.

● En probas Videoguard, o Sistema de videovixilancia intelixente contra o furtivismo no litoral galego.

No ámbito do mar, a evolución centrouse na **plataforma tecnolóxica da pesca (PTP)**, sistema central que da soporte no proceso de trazabilidade dos produtos do mar, dende a actividade pesqueira, acuícola ata a comercialización. Entre outras función, no 2014 a PTP procesou 3,4 millóns de notas de venda de pesca fresca e 265.000 documentos electrónicos de pesca.

No marco desta Plataforma, a Xunta de Galicia instalou unha **rede de caixeiros TICPESC** en diferentes portos de Galicia que permiten obter documentos e emitir o etiquetado do peixe descargado da lonxa. A finais de 2014 contábase cun total de 32 terminais operativos, que permitiron obter un total de 49.373 documentos de transporte, orixe, rexistro e alternancia de artes (un 18,67% do total).



A este respecto, cómpre destacar que tamén **no 2014 tivo lugar a licitación da extensión de puntos de autoservizo en lonxas e confrarías** (TICPESC), con posta en funcionamento prevista para o primeiro semestre de 2015.

Por outra banda, no 2013 iniciouse o desenvolvemento do **proxecto Videoguard**, un sistema de videovixilancia intelixente para a prevención e persecución da pesca e do marisqueo furtivos. En concreto, o sistema permitirá detectar embarcacións en zonas de porto e rías, así como persoas en zonas de praia, rocas e bateas en horario diúrno ou nocturno.

O proxecto Videoguard está desenvolvido por un consorcio de empresas tecnolóxicas integrado por Coremain, Bastet Enxeñería, TRC, a empresa pública Retegal e coa participación do Centro Tecnolóxico Gradient, cun investimento de 1,8 millóns de euros, financiados con fondos do programa Ininterconecta a través da Consellería de Economía e Industria e o CDTI.

No 2014 iniciou o seu período de probas que servirá á Xunta para valorar a viabilidade de implantar o sistema na costa galega, aproveitando as infraestruturas de telecomunicacións xestionadas polo operador público Retegal, dependente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

II.6. INFRATELECOM

Sen infraestruturas de telecomunicacións non hai Sociedade da Información e, por tanto, limítase enormemente o crecemento económico das empresas, a modernización da administración pública e a mellora do benestar por parte da cidadanía.

Conscientes desta gran realidade, o Goberno galego a través de 2014.gal Axenda Dixital de Galicia considerou como unha liña estratéxica o establecemento dunha “política de telecomunicacións” que dese resposta a un dobre obxectivo:

- Garantir a integración de Galicia na Sociedade da información, como un dos motores principais do desenvolvemento en Galicia, situándoa entre as rexións de referencia no desenvolvemento de novas tecnoloxías e infraestruturas de telecomunicacións.
- Mellorar os servizos ofrecidos á cidadanía a través da modernización dos servizos e infraestruturas de telecomunicacións corporativas soporte dos sistemas e procesos da Xunta de Galicia.

Seis anos máis tarde, pódese afirmar que o primeiro obxectivo se acadou a través da execución do primeiro Plan Banda Larga de Galicia, que conseguiu que practicamente o 100% das persoas que viven en Galicia teñan acceso a un servizo de banda larga de cando menos 2Mbps e por tanto, rematar coa fenda dixital entre a fachada atlántica e o interior.

O segundo obxectivo desta liña, instrumentouse fundamentalmente a través das melloras acadadas grazas á integración das redes e servizos de telecomunicacións baixo unha única dirección que permitiu a integración de servizos, á redución de tarifas e o aproveitamento de economías de escala. A finais de 2014 a velocidade media nas conexións de datos dos distintos centros adheridos á Rede Corporativa era de 39,73 Mbps (28,57 Mbps en 2013).

Así mesmo, no marco desta liña promoveuse a creación da rede dixital de emerxencias única que garanta a seguridade e que blinde a comunicación e a coordinación en calquera tipo de incidencia.



Plan Banda Larga de Galicia

- **O 98% da poboación de Galicia xa dispón de cobertura de banda larga,** 740.000 habitantes máis que ao inicio do Plan de Banda Larga.
- **Reduciuse significativamente a fenda dixital de dispoñibilidade de acceso á banda larga entre as provincias do interior e as do eixo atlántico,** pasando dunha diferenza do 20% ao 1%.
- **Máis do 50% da poboación de Galicia dispón de acceso a redes de nova xeración (NGA)** de ata 200Mbps.
- Aprobouse a **Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.**
- Galicia é a **Comunidade autónoma onde máis crecen as contratacións de servizos de banda larga** nos fogares.



A posta en marcha do **Plan Banda Larga de Galicia** no ano 2010 supuxo o posicionamento de **Galicia como unha das primeiras rexións europeas que abordou unha estratexia integral para o despregamento de infraestruturas de telecomunicacións.** O Plan permitiu reverter a situación de desigualdade que vivía a Comunidade en materia de acceso aos servizos de telecomunicacións, e contribuír a que se tirase proveito das TIC como motor para a dinamización, a competitividade e o pulo e modernización dos servizos públicos.

Grazas ao Plan, 740.000 habitantes dos 786.000 que carecían de cobertura no ano 2009 dispoñen agora deste servizo, o que supón que **máis do 98% da poboación total de Galicia con cobertura de banda larga de calidade.**

Coas actuacións desenvolvidas no Plan acadouse que o **100% dos servizos públicos e o 100% dos parques empresariais e polígonos industriais** dispoñan de cobertura de banda larga de calidade.

Neste senso, cómpre destacar que o aproveitamento das infraestruturas do operador público **Retegal** permitiu **acelerar o despregamento de redes** de banda larga no rural galego. A finais de 2014, este operador contaba con 278 torres e 1.855 Km de fibra óptica.





Así mesmo, Galicia, xa ao principio do Plan apostou pola competitividade e a innovación constituíndose como unha das **primeiras rexións a nivel nacional e europeo que impulsaron o despregamento de redes de acceso de nova xeración (NGAs)** seguindo as directrices da Axenda Dixital para Europa.

A finais de 2013 en torno a **1,4 millóns de galegos** tiñan acceso ás **redes NGA de ata 200 Mbps** cumprindo con dous anos de adianto o obxectivo sinalado pola Axenda Dixital para España en materia de redes de telecomunicacións ultrarrápidas.

En total, as actuacións derivadas do Plan Banda Larga de Galicia contaron no período 2009 – 2014 cunha **achega pública de máis de 75 millóns** de euros, coas que se conseguiu xerar un **investimento total de preto de 235 millóns de euros**.

Ademais nesta liña de impulso, Galicia foi a primeira Comunidade de España en apostar por unha **Lei autonómica de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións**, que se sustenta sobre tres principios clave: a coordinación, a



planificación e a anticipación. Neste contexto, en 2014 aprobábase o primeiro decreto, que regula a inclusión de infraestruturas de telecomunicacións en todos os proxectos de estradas promovidas polo sector público autonómico.


Tamén cómpre destacar que, en virtude dun acordo entre a Xunta e o COETG no 2013, se elaborou unha **Guía de Boas Prácticas para o despregamento das infraestruturas de telecomunicación** que analiza o novo escenario legislativo no eido das telecomunicacións e achega unha visión práctica do despregamento destas infraestruturas dirixida aos técnicos dos concellos e demais axentes implicados.



Dende finais do ano 2014, en colaboración coa FEGAMP e a AETG estase a traballar nun **modelo de ordenanza tipo** de telecomunicacións que partindo do modelo de ordenanza, aprobado pola FEMP no ano 2008, de antenas de telefonía móbil e incorporando as redes cableadas estea adaptado aos recentes cambios introducidos pola Lei 9/2014 Xeral de Telecomunicacións así como á normativa autonómica vixente de protección do territorio, medio e patrimonio histórico-artístico.

Con todo, co obxecto de garantir a plena converxencia con Europa no horizonte 2020, a finais de 2014 comezouse a elaborar un estudo da situación da banda larga en Galicia, un proceso de consulta sobre a oferta e demanda de servizos de Internet, como un paso imprescindible para poder adoptar as medidas necesarias para avanzar no obxectivo marcado pola Axenda Dixital de Europa para 2020: todos os europeos con acceso a Internet con velocidades por riba dos 30 Mbps, e que cando menos a metade dos fogares europeos teñan contratadas conexións a Internet superiores a 100 Mbps.

En relación á demanda de servizo de banda larga, destacar que **no período 2009 - 2014 a penetración da banda larga nos fogares galegos se incrementou en máis dun 82%**, moi por riba da variación media experimentada a nivel nacional (45,1%) e europeo (36,8%) no mesmo período.



A este respecto, asumindo a dificultade de acceso a internet nas zonas da Comunidade máis illadas e dispersas, no 2012, 2013 e 2014 lanzáronse **axudas para a contratación do servizo de Internet vía satélite** cun investimento de máis de 800 mil euros que permitiron beneficiar a máis de 2.500 familias e empresas de toda Galicia.

Modernización das redes da Xunta

- **O novo contrato de telecomunicacións da Xunta permite un aforro de 12 millóns de euros en tres anos e garante outros 12 en melloras.**

En decembro de 2014 formalizouse o **novo contrato de Internet, telefonía fixa e móbil** que proporciona servizos a 3.000 centros da Administración autonómica. O novo contrato vai permitir un dobre beneficio: por un lado, un aforro directo de 12 millóns de euros en tres anos; por outro, as empresas operadoras investirán outros 12 millóns de euros a maiores neses tres anos en melloras na rede de telecomunicacións da Xunta.

Estes aforros e melloras débense á integración de servizos, á redución de tarifas e ás economías de escala. Así, entre os aforros e melloras que se lograrán destacan:

- A **redución de custos** respecto ao contrato anterior do **15% en telefonía fixa**, do **44% en Internet**, e dun **60% en telefonía móbil**.
- A **integración** na rede corporativa **das redes de datos do CIXTEC e da CRTVG** así como dos servizos de telefonía de preto de 1.400 centros públicos.
- O **incremento en máis do triplo de media do largo de banda de máis de 2.300 centros de servizos públicos**, dos cales máis da metade pertencen á área da Educación, servizos sociosanitarios e sedes xudiciais.
- E o **reforzo da conexión de fibra do CPDI co centro de respaldo** para garantir a continuidade dos servizos ante posibles incidencias no CPD.

Rede de Emerxencias de Galicia

- **A Rede Dixital de Emerxencias acenderase en 2015 para dotar a Galicia do sistema máis moderno de España.**



A Rede Dixital de Emerxencias de Galicia, **xestionada pola empresa pública Retegal**, entrará en funcionamento en 2015 e converterá a Galicia na primeira Comunidade do Estado en contar cunha rede de emerxencias con **capacidade para multiplicar por 5 a velocidade de transmisión de datos** respecto ás redes de emerxencias convencionais.

Empregará a **tecnoloxía TETRA**, a máis punteira e recomendada pola Unión Europea para este tipo de comunicacións vinculadas á seguridade pública. De feito, o novo sistema caracterizarase pola súa fiabilidade mesmo en situacións extremas ou de saturación das redes e fará posible incorporar servizos como a localización vía GPS, envíos masivos de sms, consulta de bases de datos ou gravación de conversas durante o accidente.

O número inicial de usuarios estimados entre efectivos de Protección Civil, Axega, Policía Autonómica, 112, dispositivos anti-incendios, bombeiros e 061 é de 5.000 -se ben, está previsto que cheguen aos 8.000 nun período de 3 a 5 anos - e ten **capacidade técnica para chegar ata os 12.000 usuarios**.



Así, a Rede porase **a disposición doutros organismos públicos**, como deputacións ou concellos, conseguindo, deste xeito, unha maior coordinación dos distintos servizos de emerxencias.

Contar cunha rede de emerxencias propia **permitirá aforrar 37 millóns en 10 anos**, cun investimento de 6,3 millóns, dos cales: o 70% son achegados pola entidade pública empresarial Red.es, con fondos FEDER, e o 30% pola Xunta.

II.7. MEDIDAS INSTRUMENTAIS E DE COOPERACIÓN

Esta liña estratéxica nacía co fin de dar soporte ás anteriores, a través dela, a Xunta de Galicia tiña como obxectivo establecer un modelo de xestión das políticas tecnolóxicas áxil, eficiente e flexible que dese resposta ás novas necesidades.

Así, cobraba especial importancia a posta en marcha dun novo modelo de xestión que permitise incrementar a axilidade no desenvolvemento, o reaproveitamento dos recursos existentes e a coordinación entre os axentes involucrados.

A creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) no ano 2012 supuxo un salto cualitativo nesta dirección, xa que a integración da política tecnolóxica rexional nunha única entidade de xestión permitiu un cambio de nivel no que a xestión eficaz e eficiente das operacións relativas ao ámbito TIC se refire.

Así mesmo, e para buscar o máximo aliñamento e coordinación, promovéronse actuacións para a busca de vías de cooperación con axentes públicos e privados, co fin de traballar por consolidar unha Axenda Dixital única para Galicia.

Finalmente, cabe destacar que 2014.gal Axenda Dixital de Galicia foi obxecto dunha avaliación anual continuada durante todo o seu período de vixencia co fin de asegurar o cumprimento dos obxectivos e compromisos establecidos. Neste senso, cobrou especial importancia o papel do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (Osimga) como encargado de apoiar na medición e análise de resultados.

Novo modelo de xestión das políticas tecnolóxicas: A creación da Amtega

- **O 9 de marzo de 2012 creouse a Amtega, coma un modelo de xestión integrado das TIC.**
- **A xestión centralizada da Amtega está consolidando un aforro anual de 6 millóns de euros en gasto tecnolóxico.**

Coa publicación do **Decreto 252/2011, do 15 de decembro comezaba a súa andaina a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** que ten por obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución de



instrumentos da política da Xunta no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

A Axencia foi concibida co anhelos de crear un modelo de xestión integrada das TIC, que permita unha prestación de servizos máis eficaz e eficiente grazas á concentración nunha única entidade dos recursos humanos, materiais e orzamentarios asociados ás estruturas TIC da Xunta de Galicia. O modelo de entidade instrumental escollido, o de Axencia, adopta unha fórmula de traballo por obxectivos co compromiso do equipo directivo e a avaliación anual de resultados.

Ata decembro de 2014, o proceso de integración da Amtega supuxo un aforro dun 25% no custo dos contratos de mantemento e adquisición de novos sistemas e infraestruturas debido ás economías de escala, e ás novas ferramentas de virtualización e ao impulso do software libre.

Os primeiros resultados da xestión centralizada apuntan á consolidación dun **aforro anual no gasto TIC de aproximadamente 6 millóns de euros**, ao que tamén contribuíu a centralización de compras e servizos e a unificación de contratos.

Alianzas e cooperación institucionais

- **O Plan eConcellos posto en marcha en 2010 establece un marco de cooperación entre as AAPP galegas** que facilita a coordinación de actuacións no impulso tecnolóxico da Administración local.

A colaboración da Xunta de Galicia coas Administracións locais no ámbito TIC materialízase dende o ano 2010 no **Plan e-Concellos**, un plan cuxa finalidade é alcanzar un conxunto de servizos comúns dixitais de uso xeneralizado polas Administracións locais, que acompañen o desenvolvemento das TIC na Administración local e que mediante a eliminación de duplicidades favoreza a eficiencia no consumo de recursos, sistemas e infraestruturas tecnolóxicas.



A raíz deste Plan, nace o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da e-Administración nas entidades locais da Comunidade, que se consolida en xullo de 2010 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a



antiga SXMITE e a FEGAMP. A finais do 2013, estaban adscritas ao convenio, 336 entidades locais das que 308 son concellos (98% do total, 4 deputacións e outras entidades locais).

Así, entre as principais iniciativas impulsadas no marco do catálogo de servizos eConcellos destacan:

- **O portal EidoLocal**, como canle de relación permanente e inmediata entre as entidades locais, a Xunta de Galicia e a propia cidadanía, que axiliza os procedementos e difunde todas aquelas materias que resulten de interese para o eido local. A finais de 2014 contaba con máis de 3.800 usuarios no 100% das entidades locais utilizan EidoLocal.
- **A implantación do sistema de rexistro único AIRES** en 312 oficinas de rexistro conveniadas cos concellos galegos, as 4 Deputacións, e 26 outras entidades locais (mancomunidades, consorcios, ...)
- **A posta en marcha da plataforma de licitación electrónica** (www.leal.gal) para as entidades locais. Actualmente, iniciouse a pilotaxe do uso da plataforma con as Deputacións de Ourense e Pontevedra, e o concello de Santiago.
- **A utilización por parte das entidades locais dos servizos de acreditación dixital**, no marco do contrato asinado pola Xunta de Galicia coa FNMT. Na actualidade 139 EELL están a facer uso dos servizos de acreditación dixital.
- **A posta a disposición do sistema de tradución automatizada GAIO**, que foi utilizado por máis de 50 entidades locais en 2014, realizando a tradución de 8,88 millóns de palabras.

Ademais, a Xunta de Galicia asinou co MINHAP o convenio de colaboración para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica ás entidades locais, que inclúe entre outros servizos, aqueles que se prestan a través da Rede SARA e os servizos de interoperabilidade que se prestan a través do Nodo de Interoperabilidade da Xunta de Galicia.

Con todo, e como se puxo de manifesto ao longo do documento, no afán por promover a participación e colaboración da Administración pública autonómica co resto de axentes públicos e privados para contribuír ao desenvolvemento dixital da Comunidade, **dende 2009 formalizáronse múltiples acordos con institucións públicas e privadas, asociacións e colexios profesionais** para desenvolver actuacións nos diferentes ámbitos da sociedade da información.



Dos 40 acordos que formalizou a Amtega no ano 2014 poden destacarse os convenios de colaboración:

- **Para o fomento da Sociedade da información** en Galicia asinados co Colexio de Enxeñería en Informática de Galicia, coa Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, e co Colexio de Enxeñería Técnica en Informática de Galicia.
- **Para a promoción do software libre e de fontes abertas** asinados coa Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (AGASOL), co Consorcio Interuniversitario das Universidades Galegas (CIXUG) e coas Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL).
- **Para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital** no eido da Administración local asinado coa FEGAMP.
- **Para o impulso e fortalecemento do sector TIC galego** (programa TransformaTIC) asinado co Sistema Universitario de Galicia, o Clúster TIC de Galicia e os Centros Tecnolóxicos de Galicia.

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

- **O OSIMGA leva publicados dende o 2010, máis de 100 informes e estudos temáticos e fixo o seguimento de 750 indicadores** sobre equipamento e uso das TIC pola poboación, empresas, sector TIC e Administracións públicas.

No ano 2010 creouse o **Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)**, mediante a fusión dos dous observatorios existentes anteriormente (OGSI e OCEG) neste ámbito.



Así, o **Decreto 21/2010 de 4 de febreiro de 2010, crea e regula o OSIMGA**, constituíndose ao mesmo tempo como:

- Un **órgano asesor** para a valoración da **evolución da Sociedade da Información**, a **modernización administrativa e a e-Administración** nas Administracións públicas de Galicia, así como para a participación e colaboración coas distintas



Administracións nestas materias, e contribuír á promoción e extensión da Sociedade da Información e a Modernización en Galicia.

- Un **sistema de información** para a **análise, comparación, seguimento e divulgación** de datos, información e coñecementos relacionados coas materias referidas.

Con tal motivo, desenvolve estudos e análises de datos que permitan coñecer o nivel de desenvolvemento, a tendencia e problemas que poden afectar á extensión da Sociedade da Información en Galicia. Así dende a súa creación en 2010:

- **Elaborou máis de 100 informes e estudos temáticos**, en relación coas materias obxecto do observatorio. Así, no último ano elaboráronse varios monográficos, entre os que cabe destacar: "A Responsabilidade Social Corporativa (RSE) no Sector TIC", a "Caracterización do Hipersector TIC" e "As Mulleres e a Comunicación Dixital".
- **Realizou o seguimento de máis de 750 indicadores** sobre equipamento e uso das TIC nos fogares e nas empresas, o sector TIC, e a e-Administración nos concellos e na Xunta de Galicia.
- **Desenvolveu diversos proxectos en colaboración co IGE** e no marco del IV Plan Galego de Estatística 2012 – 2016 atendendo a criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade.



A web do Osimga **superou en 2014 as 93.000 visitas**, o dobre que no ano 2011, **superando os 47.500 visitantes distintos**. Ademais, conta con **máis de 1.900 subscritores** ao seu boletín de actualidade.



III. Balance 2009 - 2014 en cifras

Nesta sección do balance detállanse os principais fitos alcanzados durante o período 2009-2014 coas cifras máis salientables relativas ás distintas actuacións postas en marcha.



Presentouse o Plan de Banda Larga 2010-2013
19/02/2010

**O 98% da poboación de Galicia
ten acceso directo a banda larga
e o 2% mediante satélite**



Presentación do Proxecto ABALAR, estratexia para a
integración plena das TIC na práctica educativa en
Galicia
05/03/2010

**Abalar: 51.700 alumnos de 531
centros educativos acceden ás
aulas dixitais**



Primeiro pleno do Observatorio da Sociedade da
Información e a Modernización de Galicia
(OSIMGA),
22/03/2010

**Máis de 100 estudos e informes
realizados e máis de 93.000
visitantes da web do Osimga**



Finalizou a emisión de televisión con tecnoloxía analóxica con centros de televisión de Galicia

02/04/2010

Comezou a emisión de televisión en formato dixital (TDT)



Presentado o Plan Estratéxico 2010-2014: Horizonte 2020

07/06/2010

Presentación do Plan Estratéxico 2010-2014 (H2020)



Presentado o Plan Senda 2014, que establece por primeira vez unha folia de ruta para a implantación das TIC na Xustiza

14/06/2010

23,5 millóns de euros investidos na modernización da xustiza



O Presidente da Xunta presentou a Axenda Dixital 2014.gal, a Estratexia do Goberno galego en materia da sociedade de información

25/06/2010

Presentación da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal



O Consello da Xunta aprobou o día 2 de Decembro de 2010 o Decreto 198/2010 que establece o marco de desenvolvemento da Administración electrónica na Administración pública galega.

12/12/2010

O Decreto 198/2010 regula o desenvolvemento da administración electrónica



Presentado o mapa de capacidades tecnolóxicas de Galicia no ámbito sociosanitario que pon de manifesto o potencial do sector para desenvolver servizos públicos innovadores e de calidade

21/03/2011

O mapa de capacidades tecnolóxicas no ámbito sociosanitario recolle información de 162 proxectos desenvolvidos por 43 axentes



A Xunta pon en marcha un servizo de videointerpretación para persoas xordas no rexistro xeral e a través da súa web

29/04/2011

A Xunta facilita o acceso a Internet ás persoas xordas



Inauguración do Centro Demostrador das TIC (CDTIC) en Santiago

27/06/2011

O Centro Demostrador das TIC leva desenvolvidas máis de 160 actividades



Púxose en marcha a Sede Electrónica da Xunta, unha administración sen papeis, transparente, aberta e accesible as 24 horas, os 365 días do ano

22/09/11

Na Sede Electrónica pódense tramitar case 800 procedementos, o 49% do total



Presentada a primeira fase do proxecto Kronos, de acreditación dixital do empregado público

11/10/2011

Máis de 12.500 empregados públicos dispoñen de acreditación dixital



O Presidente da Xunta nunha visita a Retegal, o operador público, que ten sido clave para o desenvolvemento da Televisión en Galicia, o Plan de Banda Larga e a Rede Dixital de Emerxencias

20/02/12

Retegal, un operador integral público de telecomunicacións



Celebración do sesión constitutiva da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

09/03/12


A Amtega, unha única dirección para os recursos materiais e orzamentarios das políticas tecnolóxicas da Xunta



Posta en marcha do portal Abert@s, o espazo onde se publicará información de interese público da Administración galega e dos organismos dependentes, en formatos abertos e estándar, para a súa reutilización por parte de cidadáns e empresas.

26/03/12

Abert@s, dispón de case 300 conxuntos de datos publicados para a reutilización da información do sector público



Comezou a funcionar o Instituto de Estudos do Territorio (IET), un organismo que asume as competencias en materia de paisaxe, xestión da información con referencia territorial, e os datos xeográficos, publicando máis de 20.000 mapas

03/04/12

Toda a información cartográfica de Galicia en formato accesible a través dunha plataforma web



Xunto co Programa Hospital 2050, dotado doutros 45 millóns de euros (M€), representa o maior investimento na innovación sanitaria da historia de Galicia

30/04/12

Innova-Saúde e Hospital 2050, 90M€ en iniciativas enfocadas a mellorar da asistencia sanitaria pública



Utilizar a potencialidade das redes sociais para facer da igualdade un vínculo que conecte os intereses de milleiros de persoas

08/05/12

'Igualdadenarede' un proxecto para o fomento da igualdade nas redes sociais



O programa de Voluntariado Dixital (VOLDIX) suma adhesións de empresas, concellos, asociacións e organismos públicos

06/06/12

**VOLDIX, o voluntariado dixital
conta con máis de 400 voluntarios
e 103 entidades colaboradoras**



A Amtega e o IGE colaboran na elaboración das enquisas sobre a Sociedade da Información en Galicia

21/12/12

**O Osimga aporta 3 actividades ao
Plan Galego de Estatística PGE
2012-2016**



Entrega de diplomas aos alumnos da primeira promoción 2010-2012 do Programa de Alta Especialización en Animación 3D da Fundación Averhó

19/2/13

**A Xunta apoia a formación dixital
para a inserción laboral das
persoas con discapacidade**



Os Gobernos do Estado e Galicia colaboran coas empresas e centros tecnolóxicos para desenvolver proxectos de innovación

20/2/2013

**O Programa FEDER-Inninterconecta
mobilizou case 33 M€ para
proxectos de innovación
relacionados coas TIC**



A Xunta pon en marcha o Dicionario xurídico en liña para todos os profesionais das administracións públicas galegas

22/2/2013

Os 90.000 empregados públicos da Administración autonómica e local teñen acceso ao Dicionario xurídico galego en liña



A Xunta pon en marcha un Plan para a Modernización Tecnolóxica do Sistema Galego de servizos Sociais, un instrumento de apoio á planificación estratéxica deste área clave para a Comunidade, que xestiona a atención e as prestacións de máis de 1,6 millóns de galegos

18/3/2013

Elaborado o Plan Trabe, para a modernización tecnolóxica do sistema galego de servizos sociais



O Ministerio de Industria destina 529.000 euros á implantación de novas tecnoloxías nos hoteis e aloxamentos rurais galegos

17/6/2013

Liña de axudas para a implantación de solucións tecnolóxicas en hoteis e aloxamentos de turismo rural



A Xunta puxo en marcha a segunda convocatoria de axudas para contratar Internet vía satélite destinadas a fogares e PeMEs das zonas con máis dificultades de cobertura de toda a Comunidade

16/7/2013

Máis de 2.500 familias e pemes accederon ás axudas para contratar Internet en zonas illadas



A Xunta de Galicia asina un protocolo de colaboración co sector TIC para potenciar un desenvolvemento dixital de Galicia e favorecer a creación de emprego, a mellora dos servizos públicos e a competitividade das empresas

23/7/2013

A Xunta e o sector TIC promoven un decálogo para o desenvolvemento dixital de Galicia



Logo de aprobar a Estratexia de Especialización Intelixente, a Xunta diseña a Estratexia de Crecemento Dixital para dar continuidade aos logros tecnolóxicos acadados en Galicia e converxer coa Unión Europea en 2020

14/11/2013

A Xunta diseña a Estratexia de Crecemento Dixital



Asinado un convenio de colaboración para elaborar un Plan de inclusión dixital que permita ampliar o alcance das actividades de alfabetización e capacitación que se desenvolve a través da rede de aulas CeMIT

16/1/14

Acordo de colaboración entre as Administracións Públicas galegas para a formación TIC



A Xunta presentou a empresarios e representantes do sector do transporte público de viaxeiros o novo Sistema de Axuda á Explotación (SAE) da Mobilidade, desenvolvido pola Administración galega

1/2/14

O Sistema de Axuda á Explotación da Mobilidade (SAE), abre a porta á implantación dos servizos por demanda dos usuarios



Arrancou en dous municipios costeiros do litoral galego a pilotaxe do proxecto Videoguard, un sistema de videovixilancia intelixente para a prevención e persecución da pesca e do marisqueo furtivos

4/2/14

A Xunta pilota un sistema de videovixilancia intelixente contra o furtivismo no litoral galego



A sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Red.es e o Sergas permitirá consolidar o uso das TIC na sanidade pública galega e dotar de infraestruturas tecnolóxicas

13/3/2014

15 millóns de euros para consolidar o uso das TIC na sanidade pública galega



Esta iniciativa inclúe a creación dunha plataforma de farmacoxenómica que une as capacidades das Plataformas de Xenómica e de Cribado de Fármacos da universidade

2/4/2014

O Cesga apoia a busca de novos fármacos da Universidade de Santiago no marco do proxecto Innopharma II



A Xunta, as universidades, os centros tecnolóxicos e o Clúster Tic alíanse para impulsar o crecemento do sector a través do programa TransformatiC

21/4/2014

Programa TransformaTIC, unha alianza para fortalecer o sector tecnolóxico galego



A Xunta de Galicia e o Valedor do Pobo forman a máis de 400 orientadores e persoal docente no uso responsable da internet e as novas tecnoloxías entre os adolescentes

29/4/2014

Promoción do uso responsable de Internet e as novas tecnoloxías entre os adolescentes



Os axentes galegos do Software Libre colaboran coa Amtega en máis do 42% das accións do plan da Xunta, que este ano migrará á software libre ofimático preto de 1.000 ordenadores

30/4/2014

A Xunta colabora cos axentes galegos do Software Libre galego cun Plan de Acción anual



Telefónica, en colaboración coa Xunta, pon en marcha Galicia Open Future, unha iniciativa para potenciar o emprendemento e que ofrecerá os seus recursos e ferramentas para o desenvolvemento de 50 proxectos empresariais innovadores

12/5/2014

Galicia Open Future, a iniciativa de Telefónica en colaboración coa Xunta para impulsar a innovación e o emprendemento TIC



O dominio Puntogal leva o nome de Galicia á rede, permite que a lingua e a cultura galegas gañen en proxección e visibilidade e ofrece vantaxes competitivas aos emprendedores

16/5/2014

Dominio .gal: acendeuse a primeira páxina na véspera do Día das Letras Galegas e Internet



A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) iniciou unha campaña para recoller as ideas e suxestións de toda a sociedade galega no proceso de elaboración da Axenda Dixital de Galicia 2020

28/7/2014

A AMTEGA pon en marcha unha campaña de participación social para elaborar a Axenda Dixital de Galicia 2020



Máis de 2.300 alumnos de 5º de primaria de 84 centros educativos inician o curso con libros dixitais grazas á iniciativa e-DIXGAL da Xunta de Galicia

9/9/2014

e-DIXGAL: un entorno virtual de aprendizaxe que ofrece contidos curriculares dixitais gratuítos



O novo servizo en liña da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia GaliciaLe, ofrece máis de 1.700 títulos en formato electrónico. Os usuarios poden acceder a estes recursos de xeito gratuíto a través da páxina web galiciaLe.es

20/10/2014


GaliciaLe: un espazo virtual para o préstamo de libro electrónico, un servizo en liña da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia

IV. Balance económico


- **Máis de 1.275 millóns de euros mobilizados** para a execución das actuacións derivadas de **2014.gal Axenda Dixital de Galicia** no período 2009 - 2014.

No período 2009–2014, **cunha dotación pública de case 912 millóns de euros**, o desenvolvemento das liñas de acción definidas en 2014.gal Axenda Dixital de Galicia, **conseguiron mobilizar un total de 1.275 millóns de euros** entre capital público e privado.

O ámbito de **maior investimento total** foi a liña conxunta orientada a promover unha **Administración máis eficiente e intelixente** na prestación dos servizos públicos que contou cun investimento total de 475M€, seguido do eido relativo ao despregamento de infraestruturas de telecomunicacións (**InfraTeleCom**) con 345M€.



Os ámbitos de **maior investimento privado** responden á liña conxunta orientada ao **impulso do sector TIC** (*TransformaTIC*) e á **modernización tecnolóxica empresarial** (*Economic-IT*) con 207M€ así como, ao despregamento **de infraestruturas de telecomunicacións** (*InfraTeleCom*) con 155M€.





XUNTA DE GALICIA